

«Os acordos dos cónxuxes, adoptados para regular as consecuencias da nulidade, separación ou divorcio serán aprobados polo xuíz, salvo se son danosos para os fillos ou gravemente prexudiciais para un dos cónxuxes. Se as partes propoñen un réxime de visitas e comunicación dos netos cos avós, o xuíz poderá aprobar logo de audiencia dos avós en que estes presten o seu consentimento. A denegación dos acordos deberase facer mediante resolución motivada e neste caso os cónxuxes deben someter á consideración do xuíz nova proposta para a súa aprobación, se procede. Desde a aprobación xudicial, poderanse facer efectivos pola vía de constrinximento.»

Tres. Introdúcese un segundo parágrafo no artigo 94, que terá a seguinte redacción:

«Igualmente poderá determinar, logo de audiencia dos pais e dos avós, que deberán presta-lo seu consentimento, o dereito de comunicación e visita dos netos cos avós, conforme o artigo 160 deste código, tendo sempre presente o interese do menor.»

Catro. Modifícanse os dous parágrafos da medida 1.<sup>a</sup> do artigo 103, que quedan redactados do seguinte xeito:

«1.<sup>a</sup> Determinar, en interese dos fillos, con cá dos cónxuxes han de queda-los suxeitos á patria potestade de ámbolos dous e toma-las disposicións apropiadas de acordo co establecido neste código e, en particular, a cónxuxe apartado dos fillos poderá cumprilo deber de velar por estes e o tempo, modo e lugar en que poderá comunicar con eles e telos na súa compañía.

Excepcionalmente, os fillos poderán ser encomendados ós avós, parentes ou outras persoas que así o consentiren e, de non habelos, a unha institución idónea, conferíndoselle-las funcións tutelares, que exercerán baixo a autoridade do xuíz.»

Cinco. Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 160 quedarán redactados do seguinte xeito:

«Non se poderán impedir sen xusta causa as relacións persoais do fillo cos seus avós e outros parentes e achegados.

En caso de oposición, o xuíz, por petición do menor, avós, parentes ou achegados, resolverá atendidas as circunstancias. Especialmente, deberá asegurar que as medidas que se poidan fixar para favorece-las relacións entre avós e netos non facul-ten a infracción das resolucións xudiciais que restrinxan ou suspendan as relacións dos menores con algún dos seus proxenitores.»

Seis. O artigo 161 queda redactado como segue:

«Artigo 161.

Tratándose do menor acollido, o dereito que ós seus pais, avós e demais parentes lles corresponde para visitalo e relacionarse con el, poderá ser regulado ou suspendido polo xuíz, atendidas as circunstancias e o interese do menor.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei de axuízamento civil en materia de relacións familiares dos netos cos avós.*

Engádese un ordinal máis ó punto 1 do artigo 250 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, coa seguinte redacción:

«12.<sup>o</sup> As que pretendan a efectividade dos dereitos recoñecidos no artigo 160 do Código civil.

Nestes casos o xuízo verbal substanciárase coas peculiaridades dispostas no capítulo I do título I do libro IV desta lei.»

**Disposición transitoria única.** *Procesos pendentes de resolución.*

O disposto nesta lei será de aplicación nos procesos de separación, nulidade e divorcio que se incoen con posterioridade á súa entrada en vigor.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia que lle corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21339** *LEI 43/2003, do 21 de novembro, de montes.*  
(«BOE» 280, do 22-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

«A ordenación, a conservación e o desenvolvemento sustentable de tódolos tipos de bosques son fundamentais para o desenvolvemento económico e social, a protección do ambiente e os sistemas sustentadores da vida no planeta. Os bosques son parte do desenvolvemento sustentable.»

Esta declaración da Asemblea de Nacións Unidas, na súa sesión especial de xuño de 1997, é unha clara expresión do valor e o papel que os montes desempeñan na nosa sociedade. Acolloendo esta concepción, esta lei establece un novo marco lexislativo regulador dos montes, para a reorientación da conservación, a mellora e o aproveitamento dos espazos forestais en todo o territorio español en consonancia coa realidade social e económica actual, así como coa nova configuración do Estado autonómico creado pola nosa Constitución.

A Lei de montes de 1957 cumpriu case medio século e fíxoo coa eficacia que a súa propia lonxevidade demostra. Sen embargo, o mandato contido na Constitución española de 1978 de dotarnos dun marco lexislativo básico en materia forestal non pode ser realizado adecuadamente pola lei de 1957. O marco político e institucional, o contexto económico e social e o novo paradigma ambiental marcado especialmente polas tendencias internacionais, nun mundo intensamente globalizado, teñen moi pouco que ver cos imperantes nos anos 50 do pasado século.

É o obxecto desta lei constituírse nun instrumento eficaz para garanti-la conservación dos montes españois, así como promove-la súa restauración, mellora e racional aproveitamento apoiándose na indispensable solidariedade colectiva. A lei inspírase nuns principios que veñen enmarcados no concepto primeiro e fundamental da xestión forestal sustentable. A partir del pódense deducirlos demais: a multifuncionalidade, a integración da planificación forestal na ordenación do territorio, a cohesión territorial e subsidiariedade, o fomento das producións forestais e do desenvolvemento rural, a conservación da biodiversidade forestal, a integración da política forestal nos obxectivos ambientais internacionais, a cooperación entre as administracións e a obrigada participación de tódolos axentes sociais e económicos interesados na toma de decisións sobre o medio forestal.

O concepto de monte recolle o cumprimento das diversas funcións do territorio forestal e dálles entrada ás comunidades autónomas na marxe de regulación sobre terreos agrícolas abandonados, solos urbanos e urbanizables e a determinación da dimensión da unidade mínima que será considerada monte para efectos da lei.

A lei designa as administracións autonómicas como as responsables e competentes en materia forestal, de acordo coa Constitución e cos estatutos de autonomía. O mesmo tempo, clarifica as funcións da Administración xeral do Estado, fundamentadas na súa competencia de lexislación básica en materia de montes, aproveitamentos forestais e ambiente, ademais doutros títulos. En todo caso, opta con claridade pola colaboración e cooperación entre as administracións para beneficio dun medio forestal que non entende de fronteiras administrativas. Por estes mesmos motivos, revitalízase o papel das administracións locais na política forestal, concedéndolles unha maior participación na adopción de decisións que inciden directamente sobre os seus propios montes, recoñecendo con iso o seu papel como principais propietarios forestais públicos en España e a súa contribución á conservación duns recursos naturais que benefician a toda a sociedade.

Na mesma liña, a lei establece como principio xeral que os propietarios dos montes sexan os responsables da súa xestión técnica e material, sen prexuízo das competencias administrativas das comunidades autónomas en tódolos casos e do que estas dispoñan en particular para os montes catalogados de utilidade pública.

Son os propietarios dos montes os que primeiro e máis directamente se responsabilizan da súa xestión sustentable. Para garantir tal xestión, a lei pretende o impulso decidido da ordenación de montes, a través de instrumentos para a xestión como os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos, plans técnicos ou figuras equivalentes, sendo este un dos elementos clave da nova lexislación.

Pola súa titularidade os montes son públicos ou privados, pero todos son bens que cumpren unha clara función social e por tanto están suxeitos ó mandato constitucional segundo o cal as leis delimitan o dereito e ó mesmo tempo a función social da propiedade. No caso dos montes catalogados de utilidade pública, a lei opta pola súa declaración como dominio público, constituíndose o dominio público forestal con estes montes xunto cos restantes montes afectados a un uso ou un servizo público. Desta forma dáselle o máximo grao de integridade e permanencia ó territorio público forestal de maior calidade. Ó mesmo tempo, abre a posibilidade da utilización do dominio público forestal polos cidadáns para aqueles usos respectuosos co medio natural.

A institución do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, de gran tradición histórica na regulación xurídica dos montes públicos en España e instrumento fundamental na súa protección, permanece e refórzase na lei. En primeira instancia, ó homologa-lo seu réxime, que

xa era de case dominio público, co dos bens plenamente demaniais. En segundo lugar, ó amplia-los motivos de catalogación; en concreto, engadíronse aqueles que máis contribúen á conservación da diversidade biolóxica e, en particular, aqueles que constituían ou formen parte de espazos naturais protexidos ou espazos da rede europea Natura 2000. Tamén se reforza en termos equivalentes a figura dos montes protectores e o seu rexistro, a declaración dos cales se estimula con incentivos económicos.

A lei concede especial relevancia a un aspecto fundamental para a definición da política forestal, como é o da información. Trátase de establecer os mecanismos para dispoñer dunha información forestal actualizada e de calidade para todo o territorio español sobre a base de criterios e metodoloxías comúns. Esta información coordinarase e plasmarase na Estatística forestal española, entre os obxectivos da cal resalta o de facilita-lo acceso do cidadán á información vinculada ó mundo forestal.

A lei constata a necesidade da planificación forestal a escala xeral, consagrando a existencia da estratexia forestal española e o Plan Forestal Español. Neste ámbito, a novidade máis importante da lei constituíena os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF). Configúranse como instrumentos de planificación forestal de ámbito comarcal integrados no marco da ordenación do territorio, co que a planificación e a xestión forestais se conectan co decisivo ámbito da ordenación territorial.

Polo que respecta ós aproveitamentos forestais, a lei incide na importancia de que os montes contén co seu correspondente instrumento de xestión, de tal maneira que para montes ordenados ou, se é o caso, incluídos no ámbito de aplicación dun PORF, a Administración limitarase a comprobar que o aproveitamento proposto é conforme coas previsións do devandito instrumento.

Refórzase tamén a conservación dos montes mediante o establecemento de condicións restrictivas para o cambio do uso forestal de calquera monte, independentemente da súa titularidade ou réxime xurídico.

En materia de incendios forestais, a lei faise eco da importancia do papel da sociedade civil na súa prevención. De acordo con iso, establece a obriga de toda persoa de avisar da existencia dun incendio, e, se é o caso, de colaborar no seu combate. Así mesmo, promove campañas de concienciación e sensibilización cidadá. Ponse tamén especial énfase na necesidade de coordinación das diferentes administracións na prevención e combate dos incendios. A lei propón a designación das chamadas zonas de alto risco de incendio, que deberán estar provistas do seu correspondente plan de defensa. Así mesmo, establece a obriga de restauración dos terreos incendiados, quedando prohibido o cambio de uso forestal por razón do incendio.

Outro aspecto relevante desta lei é a previsión de medidas de fomento da xestión sustentable dos montes, mediante subvencións e outros incentivos polas externalidades ambientais, ademais de considerar incluídos entre os fins de interese xeral os orientados á xestión forestal sustentable, para efectos da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.

Con estas medidas quérese contribuír ó recoñecemento dos beneficios xerais que os propietarios lle achegan á sociedade cos seus montes.

Para incidir unha vez máis no impulso á ordenación de tódolos montes, os incentivos soamente serán aplicables ós montes que contén con instrumento de xestión, e ademais terán prioridade os montes declarados protectores ou os montes catalogados.

Finalmente, régúlase un réxime de infraccións e sancións nas materias obxecto desta lei, establecendo os

critérios para a cualificación das infraccións segundo a súa gravidade e fixando as sancións correspondentes.

Esta lei dítase en virtude do artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup>, 15.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación civil, Facenda xeral, fomento e coordinación da investigación, bases do réxime xurídico das administracións públicas e lexislación básica sobre protección do ambiente e dos montes e aproveitamentos forestais, respectivamente.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO I

##### Obxecto e conceptos xerais

###### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto garanti-la conservación e protección dos montes españois, promovendo a súa restauración, mellora e racional aproveitamento, apoiándose na solidariedade colectiva.

###### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación a tódolos montes españois de acordo co concepto contido no artigo 5. No caso dos montes veciñais en man común, esta lei éles aplicable sen prexuízo do establecido na súa lexislación especial.

2. Os terreos de condición mixta agrosilvopastoral, e en particular ás devesas, seralles de aplicación esta lei no relativo ás súas características e aproveitamentos forestais, sen prexuízo da aplicación da normativa que lles corresponda polas súas características agropecuarias.

3. Os montes que sexan espazos naturais protexidos ou formen parte deles réxense pola súa lexislación específica, así como polas disposicións desta lei no que non sexa contrario a aquela.

4. As vías pecuarias que atravesen ou linden con montes réxense pola súa lexislación específica, así como polas disposicións desta lei, no que non sexa contrario a aquela.

###### Artigo 3. *Principios.*

Son principios que inspiran esta lei:

- a) A xestión sustentable dos montes.
- b) O cumprimento equilibrado da multifuncionalidade dos montes nos seus valores ambientais, económicos e sociais.
- c) A planificación forestal no marco da ordenación do territorio.
- d) O fomento das producións forestais e os seus sectores económicos asociados.
- e) A creación de emprego e o desenvolvemento do medio rural.
- f) A conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas forestais.
- g) A integración na política forestal española dos obxectivos da acción internacional sobre protección do ambiente, especialmente en materia de desertificación, cambio climático e biodiversidade.
- h) A colaboración e cooperación das diferentes administracións públicas na elaboración e execución das súas políticas forestais.

- i) A participación na política forestal dos sectores sociais e económicos implicados.

###### Artigo 4. *Función social dos montes.*

Os montes, independentemente da súa titularidade, desempeñan unha función social relevante, tanto como fonte de recursos naturais como por seren provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, de protección do solo e do ciclo hidrolóxico; de fixación do carbono atmosférico; de depósito da diversidade biolóxica e como elementos fundamentais da paisaxe.

O recoñecemento destes recursos e externalidades, dos que toda a sociedade se beneficia, obriga as administracións públicas a velaren en tódolos casos pola súa conservación, protección, restauración, mellora e ordeñado aproveitamento.

###### Artigo 5. *Concepto de monte.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por monte todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, productoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte:

- a) Os terreos ermos, rochedos e areeiras.
- b) As construcións e infraestructuras destinadas ó servizo do monte en que se sitúan.
- c) Os terreos agrícolas abandonados que cumpran as condicións e prazos que determine a comunidade autónoma, e sempre que adquirisen signos inequívocos do seu estado forestal.
- d) Todo terreo que, sen reuni-las características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ó uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable.

2. Non teñen a consideración de monte:

- a) Os terreos dedicados ó cultivo agrícola.
- b) Os terreos urbanos e aqueloutros que exclúa a comunidade autónoma na súa normativa forestal e urbanística.

3. As comunidades autónomas, de acordo coas características do seu territorio, poderán determina-la dimensión da unidade administrativa mínima que será considerada monte para os efectos da aplicación desta lei.

###### Artigo 6. *Definicións.*

Para os efectos desta lei, defínense os seguintes termos:

- a) Forestal: todo aquilo relativo ós montes.
- b) Especie forestal: especie arbórea, arbustiva, de matogueira ou herbácea que non é característica de forma exclusiva do cultivo agrícola.
- c) Xestión: o conxunto de actividades de índole técnica e material relativas á conservación, á mellora e ó aproveitamento do monte.
- d) Silvicultura: conxunto de técnicas que tratan da conservación, mellora, aproveitamento e rexeneración ou, se é o caso, restauración, das masas forestais.
- e) Xestión forestal sustentable: a organización, administración e uso dos montes de forma e intensidade que permita mante-la súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes no ámbito local, nacio-

nal e global, e sen lles producir danos a outros ecosistemas.

f) Repoboación forestal: introducción de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.

g) Forestación: repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.

h) Reforestación: reintroducción de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos a causa de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

i) Aproveitamentos forestais: os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais produtos e servicios con valor de mercado característicos dos montes.

j) Plan de aproveitamento: documento que describe o obxecto do aproveitamento e especifica a organización e medios que hai que empregar, incluídas extracción e saca e, se é o caso, as medidas para garanti-la sustentabilidade de acordo coas prácticas de boa xestión recollidas na normativa da comunidade autónoma ou nas directrices do PORF.

k) Incendio forestal: o lume que se estende sen control sobre combustibles forestais situados no monte.

l) Cambio do uso forestal: toda actuación material ou acto administrativo que lle faga perder ó monte o seu carácter de tal.

m) Instrumentos de xestión forestal: baixo esta denominación inclúense os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos, plans técnicos ou outras figuras equivalentes.

n) Proxecto de ordenación de montes: documento que sintetiza a organización no tempo e o espazo da utilización sustentable dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, nun monte ou grupo de montes, para o cal debe incluír unha descrición pormenorizada do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que hai que aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas.

ñ) Plan dasocrático ou plan técnico: proxecto de ordenación de montes que, pola súa singularidade —pequena extensión; funcións preferentes distintas ás de produción de madeira ou cortiza; masas inmaturos (sen arboredo en idade de corta), etc.— precisan unha regulación máis sinxela da xestión dos seus recursos arbóreos. En consonancia, o inventario forestal poderá ser máis simplificado, aínda que será necesario que incorpore información sobre densidades en número de pés e áreas basimétricas, en caso de montes arborizados.

o) Monte ordenado: o que dispón de instrumento de xestión forestal vixente.

p) Certificación forestal: procedemento voluntario polo que unha terceira parte independente proporciona unha garantía escrita tanto de que a xestión forestal é conforme con criterios de sustentabilidade como de que se realiza un seguimento fiable desde a orixe dos produtos forestais.

q) Axente forestal: axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, pode ter encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal.

## CAPÍTULO II

### Competencias das administracións públicas

#### Artigo 7. Administración xeral do Estado.

1. Correspóndenlle á Administración xeral do Estado nas materias relacionadas con esta lei as seguintes competencias de forma exclusiva:

- a) A xestión dos montes da súa titularidade.
- b) A representación internacional de España en materia forestal.

2. Así mesmo, correspóndenlle á Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas e sen prexuízo das súas competencias nestes ámbitos, as funcións que se citan a continuación:

a) A definición dos obxectivos xerais da política forestal española. En particular, aprobará os seguintes documentos:

- 1.º Estratexia forestal española.
- 2.º Plan Forestal Español.
- 3.º Programa de acción nacional contra a desertificación.
- 4.º Plan nacional de actuacións prioritarias de restauración hidrolóxico-forestal.

b) A recompilación, elaboración e sistematización da información forestal para manter e actualizala estatística forestal española.

c) A normalización dos medios materiais para a extinción de incendios forestais en todo o territorio español, así como o despregamento de medios estatais de apoio ás comunidades autónomas, para completa-la cobertura dos montes contra incendios.

d) O exercicio das funcións necesarias para a adopción de medidas fitosanitarias urxentes, así como velar pola adecuada execución, coordinación e seguimento delas, en situacións excepcionais en que exista grave perigo de extensión de pragas forestais, de conformidade co artigo 16 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

e) A promoción de plans de formación e emprego do sector forestal.

f) A elaboración de programas de mellora xenética e conservación de recursos xenéticos forestais de ámbito nacional, así como o establecemento de normas básicas sobre procedencia, produción, utilización e comercialización dos materiais forestais de reprodución e, en particular, a determinación das súas rexións de procedencia e o mantemento do Rexistro e do Catálogo Nacional de Materiais de Base.

g) A elaboración e aprobación das instrucións básicas para a ordenación e aproveitamento de montes.

h) As actuacións de restauración hidrolóxico-forestal.

i) O fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica no ámbito forestal.

3. Correspóndelle, así mesmo, á Administración xeral do Estado o exercicio daquelas competencias que lle confire a lexislación e, en particular:

a) A coordinación da conservación do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, así como a do Rexistro de Montes Protectores.

b) A coordinación no establecemento e mantemento das redes europeas de parcelas para o seguimento das interaccións do monte co ambiente.

**Artigo 8. Comunidades autónomas.**

1. As comunidades autónomas exercen aquelas competencias que en materia de montes e aproveitamentos forestais, e as que en virtude doutros títulos competenciais que inciden nesta lei, teñen atribuídas nos seus estatutos de autonomía.

2. A Comunidade Foral de Navarra exerce as competencias en materia de montes e aproveitamentos forestais nos termos previstos na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do Réxime Foral de Navarra.

**Artigo 9. Administración local.**

As entidades locais, no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación das comunidades autónomas, exercen as competencias seguintes:

a) A xestión dos montes da súa titularidade non incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.

b) A xestión dos montes catalogados da súa titularidade cando así se dispoña na lexislación forestal da comunidade autónoma.

c) A disposición do rendemento económico dos aproveitamentos forestais de tódolos montes da súa titularidade, sen prexuízo do disposto no artigo 38 en relación co fondo de melloras de montes catalogados ou, se é o caso, do disposto na normativa autonómica.

d) A emisión de informe preceptivo no procedemento de elaboración dos instrumentos de xestión relativos ós montes da súa titularidade incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.

e) A emisión doutros informes preceptivos previstos nesta lei, relativos ós montes da súa titularidade.

f) Aqueloutras que, na materia obxecto desta lei, lles atribúa, de maneira expresa, a lexislación forestal da comunidade autónoma ou outras leis que resulten de aplicación.

**Artigo 10. Órganos de coordinación e consultivo da política forestal española.**

1. Correspóndelle á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, asistida pola Comisión Nacional de Protección da Natureza, a coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a preparación, estudo e desenvolvemento das cuestións propias da política forestal española. Para estes efectos, constitúese no seo da Comisión Nacional o Comité Forestal como órgano de traballo específico nesta materia.

2. O Consello Nacional de Bosques é o órgano consultivo e asesor da Administración xeral do Estado en materia de montes e recursos forestais e serve como instrumento de participación de todas aquelas partes interesadas na planificación e organización do sector forestal.

**TÍTULO II****Clasificación e réxime xurídico dos montes****CAPÍTULO I****Clasificación dos montes****Artigo 11. Montes públicos e montes privados.**

1. Por razón da súa titularidade os montes poden ser públicos ou privados.

2. Son montes públicos os pertencentes ó Estado, ás comunidades autónomas, ás entidades locais e a outras entidades de dereito público.

3. Son montes privados os pertencentes a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, xa sexa individualmente ou en réxime de copropiedade.

4. Os montes veciñais en man común teñen natureza especial derivada da súa propiedade en común, suxeita ás limitacións de indivisibilidade, inalleabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade. Sen prexuízo do previsto no artigo 2.1 desta lei, aplicaráselle-lo disposto para os montes privados.

**Artigo 12. Montes de dominio público e montes patrimoniais.**

1. Son de dominio público ou demaniais e integran o dominio público forestal:

a) Por razóns de servizo público, os montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública á entrada en vigor desta lei, así como os que se inclúan nel de acordo co artigo 16.

b) Os montes comunais, pertencentes ás entidades locais, mentres o seu aproveitamento lle corresponda ó común dos veciños.

c) Aqueloutros montes que, sen reuniren as características anteriores, fosen afectados a un uso ou servizo público.

2. Son montes patrimoniais os de propiedade pública que non sexan demaniais.

**Artigo 13. Montes catalogados de utilidade pública.**

A partir da entrada en vigor desta lei, as comunidades autónomas poderán incluír no Catálogo de Montes de Utilidade Pública os montes públicos comprendidos nalgun dos seguintes supostos:

a) Os que sexan esenciais para a protección do solo fronte a procesos de erosión.

b) Os situados en cabeceiras de bacías hidrográficas e aqueloutros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando ou reducindo noiros, riadas e enchentes e defendendo poboacións, cultivos e infraestructuras.

c) Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rochas e o aterramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestructuras contra o vento.

d) Os que sen reuniren plenamente no seu estado actual as características descritas nas alíneas a), b) ou c) sexan destinados á repoboación ou mellora forestal cos fins de protección neles indicados.

e) Os que contribúan á conservación da diversidade biolóxica, a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos, á protección da flora e da fauna ou á preservación da diversidade xenética e, en particular, os que constitúan ou formen parte de espazos naturais protexidos, zonas de especial protección para as aves, zonas de especial conservación ou outras figuras legais de protección, así como os que constitúan elementos relevantes da paisaxe.

f) Aqueloutros que estableza a comunidade autónoma na súa lexislación.

**CAPÍTULO II****Réxime xurídico dos montes públicos****Artigo 14. Réxime xurídico dos montes demaniais.**

Os montes do dominio público forestal son inalleables, imprescritibles e inembargables e non están suxeitos a ningún tributo que grave a súa titularidade.

**Artigo 15. Réxime de usos no dominio público forestal.**

1. A Administración xestora dos montes demaniais poderalles dar carácter público a aqueles usos respectuosos co medio natural, sempre que se realicen sen ánimo de lucro e de acordo coa normativa vixente, en particular co previsto nos instrumentos de planificación e xestión aplicables, e cando sexan compatibles cos aproveitamentos, autorizacións ou concesións legalmente establecidos.

2. A Administración xestora dos montes demaniais someterá a outorgamento de autorizacións aquelas actividades que, de acordo coa normativa autonómica, a requiran pola súa intensidade, perigosidade ou rendibilidade. Nos montes catalogados será preceptivo o informe favorable do órgano forestal da comunidade autónoma.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os aproveitamentos forestais no dominio público forestal rexeranse polo que se establece nos artigos 36 e 37 desta lei.

4. A Administración xestora dos montes demaniais someterá a outorgamento de concesión todas aquelas actividades que impliquen unha utilización privativa do dominio público forestal. Nos montes catalogados, esta concesión requirirá o informe favorable de compatibilidade coa persistencia dos valores naturais do monte por parte do órgano forestal da comunidade autónoma.

**Artigo 16. Catálogo de Montes de Utilidade Pública.**

1. O Catálogo de Montes de Utilidade Pública é un rexistro público de carácter administrativo en que se inscriben tódolos montes declarados de utilidade pública.

2. A inclusión e exclusión de montes no Catálogo de Montes de Utilidade Pública e a conservación deste correspóndelles ás comunidades autónomas nos seus respectivos territorios. As comunidades autónomas daranlle traslado ó Ministerio de Medio Ambiente das inscricións que practiquen así como das resolucións administrativas e sentencias xudiciais firmes que comporten modificacións no catálogo, incluídas as que atinxen a permutas, prevalencias e resolucións que, con carácter xeral, supoñan a revisión e actualización dos montes catalogados.

3. A inclusión no Catálogo de Montes de Utilidade Pública dos montes públicos a que se refire o artigo 13 farase de oficio ou por instancia do titular, e adóptase por acordo do órgano competente que determine cada comunidade autónoma, por proposta do seu respectivo órgano forestal, logo de instrucción do correspondente procedemento en que deberá ser oída a Administración titular e, se é o caso, os titulares de dereitos sobre os devanditos montes.

4. A exclusión dun monte do Catálogo de Montes de Utilidade Pública só procederá cando perdesse as características polas que foi catalogado e regularase polo procedemento descrito no punto anterior. A exclusión parcial ou permuta dunha parte non significativa dun monte catalogado poderá ser autorizada pola comunidade autónoma, por proposta do seu órgano forestal, sempre que supoña unha mellor definición da superficie do monte ou unha mellora para a súa xestión e conservación.

5. Con carácter excepcional, a comunidade autónoma, logo de informe do seu órgano forestal e, se é o caso, da entidade titular, poderá autorizar a exclusión ou permuta dunha parte dun monte catalogado por razóns distintas ás previstas no punto anterior.

**Artigo 17. Desafectación de montes demaniais.**

1. A desafectación dos montes catalogados do dominio público forestal requirirá, sen prexuízo do previsto no artigo 18.4, a súa previa exclusión do catálogo.

2. A desafectación dos restantes montes demaniais será tramitada pola súa Administración titular e requirirá, en todo caso, o informe favorable do órgano forestal da comunidade autónoma.

3. A comunidade autónoma regulará o procedemento de desafectación dos montes demaniais.

**Artigo 18. Efectos xurídicos da inclusión dos montes no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.**

1. A titularidade que no catálogo se lle asigne a un monte só se pode impugnar en xuízo declarativo ordinario de propiedade ante os tribunais civís, non se permitindo o exercicio das accións reais do artigo 41 da Lei hipotecaria.

2. Nos casos en que se promovan xuízos declarativos ordinarios de propiedade de montes catalogados, será parte demandada a comunidade autónoma, ademais de, se é o caso, a entidade titular do monte.

3. A Administración titular ou xestora inscribirá os montes catalogados, así como calquera dereito sobre eles, no Rexistro da Propiedade, mediante certificación acompañada por un plano topográfico do monte ou o levantado para o deslinde, a escala apropiada. Na certificación expedida para a devandita inscrición incluírase a referencia catastral do inmovible ou inmovibles que constitúan o monte catalogado, de acordo coa Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

4. Cando un monte catalogado estea afectado por un expediente do cal se poida derivar outra declaración de demanialidade distinta da forestal, coa excepción dos declarados como de interese xeral polo Estado, e sen prexuízo do que, se é o caso, dispoña a declaración de impacto ambiental, as administracións competentes buscarán canles de cooperación co obxecto de determinar cál de tales declaracións debe prevalecer. No suposto de discrepancia entre as administracións, resolverá, segundo a Administración que tramitase o expediente, o Consello de Ministros ou o órgano que a comunidade autónoma determine. En caso de que ambas foran compatibles, a Administración que xestionase o expediente tramitará, en peza separada, expediente de concorrencia, co fin de harmonizalo dobre carácter demanial.

**Artigo 19. Características xurídicas dos montes patrimoniais.**

1. A usucapión ou prescrición adquisitiva dos montes patrimoniais só se dará mediante a posesión en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida durante 30 anos.

2. Entenderase interrompida a posesión para os efectos da prescrición pola realización de aproveitamentos forestais, pola iniciación de expedientes sancionadores ou por calquera acto posesorio realizado pola Administración propietaria do monte.

**CAPÍTULO III****Recuperación posesoria e deslinde dos montes públicos****Artigo 20. Investigación e recuperación posesoria dos montes demaniais.**

1. Os titulares dos montes demaniais, xunto coa Administración xestora nos montes catalogados, pode-

rán investiga-la situación de terreos que se teñan por pertencentes ó dominio público forestal, para o efecto do cal poderán solicitar tódolos datos e informes que se consideren necesarios.

2. Os titulares dos montes demaniais, xunto coa Administración xestora nos montes catalogados, poderán exercer-la potestade de recuperación posesoria dos posuídos indebidamente por terceiros, que non estará sometida a prazo e respecto á que non se admitirán accións posesorias nin procedementos especiais.

#### Artigo 21. *Deslinde de montes de titularidade pública.*

1. Os titulares dos montes públicos, xunto coa Administración xestora nos montes catalogados, gozarán da potestade de deslinde administrativo dos seus montes.

2. O deslinde poderase iniciar ben por instancia dos particulares interesados, ben de oficio polas entidades titulares ou polo órgano forestal da comunidade autónoma en caso de montes catalogados. A iniciación do expediente anunciarase no boletín oficial da comunidade autónoma correspondente e mediante fixación de edictos nos concellos, e notificaráselles en forma ós estremeiros e ós interesados.

3. O deslinde dos montes non catalogados axustarase ó procedemento que determinen as respectivas administracións públicas titulares.

O deslinde dos montes catalogados axustarase ó procedemento que determinen as comunidades autónomas e, cando afecte a montes de titularidade estatal, será preceptivo o informe da Avogacía do Estado.

4. Os deslindes deberanse aprobar á vista dos documentos acreditativos ou situacións de posesión cualificada que acrediten a titularidade pública do monte obxecto do deslinde, e establecerán os seus límites coas súas cabidas e plano, debendo concretarse igualmente os gravames existentes.

5. Soamente terán valor e eficacia no acto do apeo os títulos de dominio inscritos no Rexistro da Propiedade e aqueloutros que a Administración titular e o órgano forestal da comunidade autónoma consideren con valor posesorio suficiente.

6. O deslinde aprobado e firme supón a delimitación do monte e declara con carácter definitivo o seu estado posesorio, a reserva do que puidese resultar dun xuízo declarativo de propiedade.

7. A resolución aprobatoria do deslinde deberase publicar e notificárselles debidamente ós interesados e estremeiros. Contra esta poderán recorrer-las persoas afectadas ante a xurisdicción contencioso-administrativa, unha vez esgotada a vía administrativa, por razóns de competencia ou procedemento, e ante a xurisdicción ordinaria se o que se discute é o dominio, a posesión ou calquera outro dereito real.

8. A resolución definitiva do expediente de deslinde é título suficiente, segundo o caso, para a inmatriculación do monte, para a inscrición de rectificación da descrición dos predios afectados e para a cancelación das anotacións practicadas con motivo do deslinde en predios excluídos do monte deslindado. Esta resolución non será título suficiente para rectificar-los dereitos anteriormente inscritos a favor dos terceiros a que se refire o artigo 34 da Lei hipotecaria.

9. Unha vez que o acordo de aprobación do deslinde fose firme, procederase á colocación de marcos, con participación, se é o caso, dos interesados.

10. Poderase pedir a nome do Estado ou da comunidade autónoma, e será acordado polos xuíces e tribunais, a nulidade de actuacións nos procedementos xudiciais a que se refire este artigo cando non fose emprazada ó seu debido tempo a representación procesual do Estado ou a da comunidade autónoma, calquera que sexa o estado en que se encontren os referidos procedementos.

## CAPÍTULO IV

### Réxime dos montes privados

#### Artigo 22. *Asentos rexistrados de montes privados.*

1. Toda inmatriculación ou inscrición de exceso de cabida no Rexistro da Propiedade dun monte ou dun predio estremeiro con monte demanial ou situado nun termo municipal en que existan montes demaniais requirirá o informe previo favorable dos titulares dos devanditos montes e, para os montes catalogados, o do órgano forestal da comunidade autónoma.

2. Tales informes entenderanse favorables se desde a súa solicitude polo rexistrador da propiedade transcorre un prazo de tres meses sen que se recibise contestación. A nota marxinal de presentación terá unha validez de catro meses.

3. Para os montes catalogados, os informes favorables ou o silencio administrativo positivo derivado do punto 2 non impedirán o exercicio pola Administración das oportunas accións destinadas á corrección do correspondente asento rexistral.

#### Artigo 23. *Xestión dos montes privados.*

1. Os montes privados son xestionados polo seu titular.

2. Os titulares destes montes poderán contrata-la súa xestión con persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado ou cos órganos forestais das comunidades autónomas onde o monte radique.

3. A xestión destes montes axustarase, se é o caso, ó correspondente instrumento de xestión ou planificación forestal. A aplicación dos devanditos instrumentos será supervisada polo órgano forestal da comunidade autónoma.

#### Artigo 24. *Clasificación e rexistro de montes protectores.*

1. As comunidades autónomas poderán cualificar como protectores, por instancia do propietario, aqueles montes privados que cumpran algunha das condicións que para os montes públicos establece o artigo 13.

2. As comunidades autónomas poderán crear rexistros de montes protectores como rexistros de carácter administrativo.

3. A clasificación e desclasificación dun monte protector, ou parte deste, e a súa conseguinte inclusión ou a súa exclusión no rexistro de montes protectores faraa o órgano forestal da comunidade autónoma correspondente, logo de informe do propietario.

4. As comunidades autónomas deberán informa-lo Ministerio de Medio Ambiente, polo menos unha vez ó ano, da inclusión de montes nos rexistros de montes protectores.

## CAPÍTULO V

### Dereito de adquisición preferente e unidades mínimas de actuación forestal

#### Artigo 25. *Dereito de adquisición preferente. Tanteo e retracto.*

1. As comunidades autónomas terán dereito de adquisición preferente, coa reserva do disposto no punto 2, nos seguintes casos de transmisións onerosas:

a) De montes de superficie superior a un límite que terá que fixa-la comunidade autónoma correspondente.

b) De montes clasificados como protectores conforme o artigo 24.

2. En caso de predios ou montes situados nun monte público ou estremeiros con el, o dereito de adquisición preferente corresponderalle á Administración titular do monte estremeiro ou que contén o enclavado. En caso de montes estremeiros con outros pertencentes a distintas administracións públicas, terá prioridade no exercicio do dereito de adquisición preferente aquela o monte da cal teña maior linde común co monte en cuestión.

3. Non haberá dereito de adquisición preferente cando se trate de achega de capital en especie a unha sociedade en que os titulares transmitentes deberán ter unha participación maioritaria durante cinco anos como mínimo.

4. Para posibilita-lo exercicio do dereito de adquisición preferente a través da acción de tanteo, o transmitente deberalle notificar á Administración pública titular dese dereito de xeito que dea fe os datos relativos ó prezo e ás características da transmisión proxectada, a cal disporá dun prazo de tres meses, a partir da devandita notificación, para exercer-lo devandito dereito, mediante o aboamento ou a consignación do seu importe nas referidas condicións.

5. Os notarios e os rexistradores non autorizarán nin inscribirán, respectivamente, as correspondentes escrituras sen que se lles acredite previamente a práctica da devandita notificación de forma que dea fe.

6. Se se levase a efecto a transmisión sen a indicada notificación previa, ou sen segui-las condicións reflectidas nela, a Administración titular do dereito de adquisición preferente poderá exercer acción de retracto no prazo dun ano contado desde a inscrición da transmisión no Rexistro da Propiedade ou, no seu defecto, desde que a Administración tivese coñecemento oficial das condicións reais da devandita transmisión.

7. O dereito de retracto a que se refire este artigo é preferente a calquera outro.

#### Artigo 26. *Límite á segregación de montes.*

Serán indivisibles, salvo por causa non imputable ó propietario, as parcelas forestais de superficie inferior ó mínimo que establecerán as comunidades autónomas.

#### Artigo 27. *Agrupación de montes.*

As administracións públicas fomentarán a agrupación de montes, públicos ou privados, co obxecto de facilitar unha ordenación e xestión integrada mediante instrumentos de xestión forestal que asocien a pequenos propietarios.

### TÍTULO III

#### Xestión forestal sustentable

##### CAPÍTULO I

#### Información forestal

#### Artigo 28. *Estatística forestal española.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente coordinará cos demais órganos competentes da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas a elaboración da Estatística forestal española, que incluírá as seguintes materias:

- O inventario forestal nacional e o seu correspondente mapa forestal de España.
- O inventario nacional de erosión de solos.

- Repoboacións e outras actividades forestais.
- Relación de montes ordenados.
- Producción forestal e actividades industriais forestais.
- Incendios forestais.
- Seguimento da interacción dos montes e o ambiente.
- Caracterización do territorio forestal incluído na Rede Natura 2000.

Por proposta da Comisión Nacional de Protección da Natureza ou do Consello Nacional de Bosques, o Ministerio de Medio Ambiente poderá incluír na Estatística forestal española outras operacións estatísticas.

2. Os órganos competentes en materia de estatística forestal das comunidades autónomas e as demais administracións públicas proporcionaranlle ó Ministerio de Medio Ambiente a información de carácter forestal do seu ámbito de competencia necesaria para elaborala Estatística forestal española e atende-las demandas de información estatística dos organismos internacionais, así como para facilita-lo acceso do cidadán á información forestal. En particular, antes do terceiro cuatrimestre de cada ano, proporcionarán a información estatística forestal que elaborasen sobre o ano anterior.

3. O Ministerio de Medio Ambiente e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerán procedementos de coordinación para que nos documentos da Estatística forestal española e da Estatística agroalimentaria, das súas respectivas competencias, exista unha identidade das definicións dos usos e aproveitamentos forestais e agrícolas, así como das superficies asignadas a cada un deles.

4. O Ministerio de Medio Ambiente porá a información contida na Estatística forestal española á disposición das comunidades autónomas e das entidades locais, das empresas e das industrias forestais e demais axentes interesados.

5. A información utilizada para a elaboración da Estatística forestal española quedará integrada no banco de datos da natureza. Periodicamente, o Ministerio de Medio Ambiente elaborará e publicará un informe forestal español, a partir da análise dos datos da Estatística forestal española.

6. O inventario forestal nacional e o mapa forestal de España, así como o inventario nacional de erosión de solos, terán carácter continuo e unha periodicidade de actualización polo menos decenal. A súa elaboración farase aplicando criterios e metodoloxía comúns para todo o territorio español.

### CAPÍTULO II

#### Planificación forestal

#### Artigo 29. *Estratexia forestal española.*

1. A Estratexia forestal española, como documento de referencia para establece-la política forestal española, conterá o diagnóstico da situación dos montes e do sector forestal español, as previsións de futuro, de conformidade coas súas propias necesidades e cos compromisos internacionais contraídos por España, e as directrices que permiten articula-la política forestal española.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, oídos os ministerios afectados, elaborará a Estratexia forestal española, coa participación das comunidades autónomas e co informe da Comisión Nacional de Protección da Natureza e do Consello Nacional de Bosques. O Consello de Ministros aprobará a Estratexia forestal española, mediante acordo e logo de informe da conferencia sectorial.



3. Cando as circunstancias así o aconsellen, a Estratexia forestal española será revisada por proposta da Comisión Nacional de Protección da Natureza ou do Consello Nacional de Bosques. A revisión tramitarase e aprobarase consonte o disposto no punto 2.

#### Artigo 30. *Plan Forestal Español.*

1. O Plan Forestal Español, como instrumento de planificación a longo prazo da política forestal española, desenvolverá a Estratexia forestal española.

2. O Ministerio de Medio Ambiente elaborará o Plan Forestal Español coa participación das comunidades autónomas, tendo en conta os plans forestais daquelas, e cos informes da Comisión Nacional de Protección da Natureza e do Consello Nacional de Bosques. O Consello de Ministros aprobará o Plan Forestal Español, mediante acordo e logo de informe da Conferencia Sectorial.

3. O Plan Forestal Español será revisado cada 10 anos, ou nun prazo inferior cando as circunstancias así o aconsellen, por proposta da Comisión Nacional de Protección da Natureza ou do Consello Nacional de Bosques. A revisión tramitarase e aprobarase consonte o disposto no punto 2.

#### Artigo 31. *Plans de ordenación dos recursos forestais.*

1. As comunidades autónomas poderán elaboralos plans de ordenación de recursos forestais (PORF) como instrumentos de planificación forestal, constituíndose nunha ferramenta no marco da ordenación do territorio.

2. O contido destes plans será obrigatorio e executivo nas materias reguladas nesta lei. Así mesmo, terán carácter indicativo respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial.

3. Con carácter previo á elaboración dos PORF, as comunidades autónomas definirán os territorios que, de acordo con esta lei e coa súa normativa autonómica, teñen a consideración de monte.

4. O ámbito territorial dos PORF serán os territorios forestais con características xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas, de extensión comarcal ou equivalente. Poderanse adaptar a aquelas comarcalizacións e divisións de ámbito subrexional formuladas pola ordenación do territorio ou outras específicas divisións administrativas propias das comunidades autónomas.

5. As comunidades autónomas, por proposta do seu órgano forestal, delimitarán os territorios forestais ós que se deberá dotar do seu correspondente PORF, cando as condicións de mercado dos produtos forestais, os servizos e beneficios xerados polos montes ou calquera outro aspecto de índole forestal que se estime conveniente sexan de especial relevancia socioeconómica en tales territorios.

6. As comunidades autónomas, por proposta do seu órgano forestal, elaborarán e aprobarán os PORF e determinarán a documentación e o contido destes que, con independencia da súa denominación, poderán incluí-los seguintes elementos:

a) Delimitación do ámbito territorial e caracterización do medio físico e biolóxico.

b) Descrición e análise dos montes e das paisaxes existentes nese territorio, dos seus usos e aproveitamentos actuais, en particular dos usos tradicionais, así como das figuras de protección existentes, incluíndo as vías pecuarias.

c) Aspectos xurídico-administrativos: titularidade, montes catalogados, mancomunidades, agrupacións de propietarios, proxectos de ordenación ou outros instrumentos de xestión ou planificación vixentes.

d) Características socioeconómicas: demografía, dispoñibilidade de man de obra especializada, taxas de

paro, industrias forestais, incluídas as dedicadas ó aproveitamento enerxético da biomasa forestal e as destinadas ó desenvolvemento do turismo rural.

e) Zonificación por usos e vocación do territorio. Obxectivos, compatibilidades e prioridades.

f) Planificación das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos fixados no plan, incorporando as previsións de repoboación, restauración hidrolóxico-forestal, prevención e extinción de incendios, regulación de usos recreativos e ordenación de montes, incluíndo, cando proceda, a ordenación cinexética, piscícola e micolóxica.

g) Establecemento do marco en que se poderán subscribir acordos, convenios e contratos entre a Administración e os propietarios para a xestión dos montes.

h) Establecemento das directrices para a ordenación e aproveitamento dos montes, garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e se manteña a capacidade productiva dos montes.

i) Criterios básicos para o control, seguimento, avaliación e prazos para a revisión do plan.

7. A elaboración destes plans incluírá necesariamente a consulta ás entidades locais e, a través dos seus órganos de representación, ós propietarios forestais privados, a outros usuarios lexítimos afectados e ós demais axentes sociais e institucionais interesados, así como os trámites de información pública.

8. Cando exista un plan de ordenación de recursos naturais de conformidade coa Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ou outro plan equivalente de acordo coa normativa autonómica, que abrangue o mesmo territorio forestal que o delimitado segundo o punto 5, estes plans poderán ter o carácter de PORF, sempre e cando contén co informe favorable do órgano forestal, cando este sexa distinto do órgano que aproba o PORN.

### CAPÍTULO III

#### Ordenación de montes

Artigo 32. *A xestión forestal sustentable. Instrucións básicas para a ordenación e o aproveitamento de montes.*

1. Os montes deben ser xestionados de forma sustentable, integrando os aspectos ambientais coas actividades económicas, sociais e culturais, coa finalidade de conserva-lo medio natural ó mesmo tempo que xerar emprego e colaborar no aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural.

2. O Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial logo de consulta ó Consello Nacional de Bosques, elaborarán unhas instrucións básicas para a ordenación e o aproveitamento de montes que deberán contar cun informe da Comisión Nacional de Protección da Natureza e propostas para a súa aprobación por real decreto. Estas instrucións determinarán necesariamente:

a) A adaptación ós montes españois dos criterios e indicadores de sustentabilidade, a súa avaliación e seguimento, de conformidade cos criterios establecidos en resolucións internacionais e convenios en que España sexa parte e, en particular, os requiridos para os montes incluídos na Rede Natura 2000.

b) O contido mínimo dos proxectos de ordenación e dos plans dasocráticos para a xestión sustentable dos montes e das súas correspondentes revisións.

**Artigo 33. *Proxectos de ordenación de montes e plans dasocráticos.***

1. As administracións públicas impulsarán técnica e economicamente a ordenación de tódolos montes.

2. Os montes públicos deberán contar cun proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou outro instrumento de xestión equivalente. As comunidades autónomas determinarán en qué casos procede cada un.

Estarán exentos da obriga establecida no punto anterior os montes de superficie inferior ó mínimo que determinarán as comunidades autónomas de acordo coas características do seu territorio forestal.

3. A elaboración dos devanditos instrumentos farase por instancia do titular do monte ou do órgano forestal da comunidade autónoma, debendo ser aprobados, en todo caso, por este último.

4. O contido mínimo dos proxectos de ordenación de montes e plans dasocráticos determinarase nas instrucións básicas para a ordenación e o aproveitamento de montes establecidas no artigo 32 desta lei. A elaboración destes instrumentos deberá ser dirixida e supervisada por profesionais con titulación forestal universitaria e deberá ter como referencia, se é o caso, o PORF no ámbito do cal se encontre o monte.

5. O órgano forestal da comunidade autónoma regulará en qué casos pode ser obrigatorio dispor de instrumento de xestión para os montes protectores e outros montes privados.

**Artigo 34. *Xestión de montes catalogados e montes protectores.***

1. Os montes catalogados e montes protectores que se correspondan coas condicións establecidas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 13 xestionaranse co fin de lograla máxima estabilidade da masa forestal, aplicando métodos silvícolas que persigan prioritariamente o control da erosión, do perigo de incendio, dos danos por neve, vendavais, enchentes e riadas ou doutros riscos para as características protectoras do monte.

2. Aqueles que deban a súa catalogación ou clasificación como protectores ó cumprimento das condicións establecidas no artigo 13.e) xestionaranse garantindo o mantemento nun estado de conservación favorable ou, se é o caso, a restauración dos valores que motivaron as devanditas clasificacións.

**Artigo 35. *Certificación forestal.***

As administracións públicas procurarán que as condicións de transparencia, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia se cumpran por parte de tódolos sistemas de certificación forestal.

**CAPÍTULO IV****Aproveitamentos forestais****Artigo 36. *Aproveitamentos forestais.***

1. O titular do monte será en tódolos casos o propietario dos recursos forestais producidos no seu monte, incluídos froitos espontáneos, e terá dereito ó seu aproveitamento conforme o establecido nesta lei e na normativa autonómica.

2. Os aproveitamentos dos recursos forestais realízanse de acordo coas prescricións para a xestión de montes establecidas nos correspondentes plans de ordenación de recursos forestais, cando existan. Axustaranse tamén, se é o caso, ó que concretamente se consigne

no proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente vixente.

3. O órgano forestal da comunidade autónoma regulará os aproveitamentos non madeireiros. Estes aproveitamentos, e en particular o de pastos, deberán estar, se é o caso, expresamente regulados nos correspondentes instrumentos de xestión forestal ou PORF no ámbito do cal se encontre o monte en cuestión.

4. Os aproveitamentos nos montes do dominio público forestal poderán ser alleados polos seus titulares no marco do establecido no artigo 15, así como do previsto na lexislación patrimonial que lles resulte de aplicación.

5. Os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía, ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario non precisarán da autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, sempre e cando tales montes dispoñan de instrumentos de xestión a aprobación dos cales polo órgano forestal da comunidade autónoma contase co informe favorable dos órganos de xestión dos dominios públicos mencionados.

**Artigo 37. *Aproveitamentos madeireiros e leñosos.***

Os aproveitamentos madeireiros e leñosos serán regulados polo órgano forestal da comunidade autónoma. Nos montes non xestionados polo devandito órgano forestal, estes aproveitamentos estarán sometidos ás seguintes condicións básicas:

a) Cando exista proxecto de ordenación, plan dasocrático ou instrumento de xestión equivalente, ou o monte estea incluído no ámbito de aplicación dun PORF e este así o prevexa, o titular da explotación do monte deberalle notificar previamente o aproveitamento ó órgano forestal da comunidade autónoma, co obxecto de que este poida comproba-la súa conformidade co previsto no instrumento de xestión ou, se é o caso, de planificación. A denegación ou condicionamento do aproveitamento só se poderá producir no prazo que determine a normativa autonómica mediante resolución motivada, entendéndose aceptado en caso de non recaer resolución expresa no devandito prazo.

b) En caso de non existiren os devanditos instrumentos, o titular da explotación do monte deberalle comunicar previamente ó órgano forestal da comunidade autónoma o seu plan de aproveitamento de acordo coa regulación autonómica para o efecto. Este órgano emitirá unha autorización preceptiva para o devandito aproveitamento no prazo que determine a comunidade autónoma. En caso de silencio administrativo entenderase estimada a solicitude. Se a contestación fose negativa deberase xustificar tecnicamente.

**Artigo 38. *Fondo de melloras en montes catalogados.***

As entidades locais titulares de montes catalogados aplicarán a un fondo de melloras, o destino do cal será a conservación e mellora dos montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, unha contía que fixarán as comunidades autónomas e que non será inferior ó 15 por cento do valor dos seus aproveitamentos forestais ou dos rendementos obtidos por ocupacións ou outras actividades desenvolvidas no monte. Este fondo será administrado polo órgano forestal da comunidade autónoma, salvo que esta llo transfira á entidade local titular.

## TÍTULO IV

## Conservación e protección de montes

## CAPÍTULO I

## Usos do solo

Artigo 39. *Delimitación do uso forestal no planeamento urbanístico.*

Os instrumentos de planeamento urbanístico, cando afecten a cualificación de terreos forestais, requirirán o informe da Administración forestal competente. Este informe será vinculante se se trata de montes catalogados ou protectores.

Artigo 40. *Cambio do uso forestal e modificación da cuberta vexetal.*

1. O cambio do uso forestal dun monte cando non estea motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 18.4 e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional e requirirá informe favorable do órgano forestal competente e, se é o caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as que se solicite unha reversión a usos anteriores non forestais.

3. A Administración forestal competente regulará os casos en que, sen se producir cambio de uso forestal, se requira autorización para a modificación substancial da cuberta vexetal do monte.

## CAPÍTULO II

## Conservación de solos, loita contra a erosión e a desertificación e restauración hidrolóxico-forestal

Artigo 41. *Plan Nacional de Actuacións Prioritarias de Restauración Hidrolóxico-Forestal e Programa de Acción Nacional contra a Desertificación.*

1. Correspóndelle ó Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e coas comunidades autónomas, a elaboración e aprobación do Programa de Acción Nacional contra a Desertificación. A aplicación e seguimento do programa efectuarase de forma coordinada entre o Ministerio de Medio Ambiente, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas.

2. O Programa de Acción Nacional contra a Desertificación terá como obxectivos a prevención e a redución da degradación das terras, a rehabilitación de terras parcialmente degradadas e a recuperación de terras desertificadas para contribuír ó logro do desenvolvemento sustentable das zonas áridas, semiáridas e subhúmidas secas do territorio español.

3. Así mesmo, correspóndelle ó Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, a elaboración e aprobación do Plan Nacional de Actuacións Prioritarias de Restauración Hidrolóxico-Forestal. A aplicación e seguimento do plan efectuaranse de forma coordinada entre o Ministerio de Medio Ambiente e as comunidades autónomas.

4. O Plan Nacional de Actuacións Prioritarias de Restauración Hidrolóxico-Forestal diagnosticará e identificará, por subbacías, os procesos erosivos, clasificándoos segundo a intensidade deles e o seu risco potencial para

poboacións, cultivos e infraestructuras, definindo as zonas prioritarias de actuación, valorando as accións que cómpre realizar e establecendo a priorización e programación temporal delas.

Na elaboración ou posterior aplicación do plan, as comunidades autónomas poderán delimitar zonas de perigo por risco de inundacións ou intrusionas de neve que afecten poboacións ou asentamentos humanos. Estas zonas deberán contar con plans específicos de restauración hidrolóxico-forestal de actuación obrigatoria para tódalas administracións públicas.

Artigo 42. *Declaración do interese xeral das actuacións de restauración hidrolóxico-forestal fóra do dominio público hidráulico.*

O Ministerio de Medio Ambiente poderá declarar de interese xeral actuacións de restauración hidrolóxico-forestal fóra do dominio público hidráulico por petición das comunidades autónomas afectadas.

## CAPÍTULO III

## Incendios forestais

Artigo 43. *Defensa contra incendios forestais.*

Correspóndelles ás administracións públicas competentes a responsabilidade da organización da defensa contra os incendios forestais. Para tal fin, deberán adoptar, de modo coordinado, medidas conducentes á prevención, detección e extinción dos incendios forestais, calquera que sexa a titularidade dos montes.

Artigo 44. *Prevención dos incendios forestais.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas organizarán coordinadamente programas específicos de prevención de incendios forestais baseados en investigacións sobre a súa causalidade e, en particular, sobre as motivacións que poidan ocasionar intencionalidade na súa orixe.

2. Así mesmo, as administracións públicas desenvolverán programas de concienciación e sensibilización para a prevención de incendios forestais, fomentando a participación social e favorecendo a corresponsabilidade da poboación na protección do monte.

3. As comunidades autónomas regularán en montes e áreas estremeiras o exercicio de todas aquelas actividades que poidan dar lugar a risco de incendio, e establecerán normas de seguridade aplicables ás urbanizacións, outras edificacións, obras, instalacións eléctricas e infraestructuras de transporte en terreos forestais e as súas inmediacións, que poidan implicar perigo de incendios ou seren afectadas por estes. Así mesmo, poderán establecer limitacións ó tránsito polos montes, chegando a suprimilo cando o perigo de incendios o faga necesario.

4. As forzas e os corpos de seguridade do Estado, así como as institucións autonómicas e locais, cada un de conformidade coa súa normativa reguladora e no exercicio das súas competencias e, se é o caso, de conformidade coa planificación en materia de protección civil, intervirán na prevención dos incendios forestais mediante vixilancia disuasoria e investigación específica das causas e na mobilización de persoal e medios para a extinción.

5. As administracións públicas poderán regular a constitución de grupos de voluntarios para colaborar na prevención e extinción e coidarán da formación das persoas seleccionadas para desenvolver estas tarefas. Igual-

mente fomentarán as agrupacións de propietarios de montes e demais persoas ou entidades interesadas na conservación dos montes e na súa defensa contra os incendios.

#### Artigo 45. *Obriga de aviso.*

Toda persoa que advirta a existencia ou iniciación dun incendio forestal estará obrigada a avisala autoridade competente ou os servizos de emerxencia e, se é o caso, a colaborar, dentro das súas posibilidades, na extinción do incendio.

#### Artigo 46. *Organización da extinción dos incendios forestais.*

1. Correspóndelle á Administración xeral do Estado, en coordinación coas comunidades autónomas, a homologación da formación, preparación e equipamento do persoal e a normalización dos medios materiais que interveñan nos traballos de extinción contra incendios forestais. O seguimento destas medidas correspóndelle á Comisión Nacional de Protección da Natureza, asistida polo Comité de Loita contra Incendios Forestais.

2. O órgano competente da comunidade autónoma establecerá para a extinción de cada incendio, salvo naqueles que se xulgue innecesario pola súa pequena entidade, un mando unificado e estruturado por funcións, baseado nos obxectivos de eficacia e seguridade. O director técnico da extinción será un profesional que recibise formación acreditada específica sobre comportamento do lume forestal e técnicas adecuadas para a súa extinción.

3. En caso de incendios en zonas limítrofes de dúas ou máis comunidades autónomas, os órganos competentes destas coordinarán os seus dispositivos de extinción. Cando se solicite nestes incendios a intervención de medios da Administración xeral do Estado, esta poderalles esixir ás comunidades autónomas afectadas a constitución dunha dirección unificada dos traballos de extinción. Pola súa vez, a Administración xeral do Estado poderá, por pedimento das comunidades autónomas, destinar persoal técnico cualificado para asesorala devandita dirección unificada.

4. En caso de declaración de situación de emerxencia, seguirase o disposto na normativa de protección civil para emerxencia por incendios forestais.

#### Artigo 47. *Traballos de extinción.*

1. Nos traballos de extinción de incendios forestais, o director técnico da operación ten a condición de axente da autoridade e poderá mobilizar medios públicos e privados para actuar na extinción de acordo cun plan de operacións. Así mesmo, poderá dispor, cando sexa necesario e aínda que non se poida contar coa autorización dos propietarios respectivos, a entrada de equipos e medios en predios forestais ou agrícolas, a circulación por camiños privados, a apertura de brechas en muros ou cercas, a utilización de augas, a apertura de devasas de urxencia e a queima anticipada mediante a aplicación de contralumes, en zonas en que se estime que, dentro dunha normal previsión, poden ser consumidas polo incendio. A autoridade local poderá mobilizar medios públicos ou privados adicionais para actuar na extinción, segundo o plan de operación do director técnico.

2. Considerarase prioritaria a utilización polos servizos de extinción das infraestruturas públicas, tales como estradas, liñas telefónicas, aeroportos, encoros, portos de mar e todas aquelas necesarias para a comunicación e aprovisionamento dos devanditos servizos, sen prexuízo das normas específicas de utilización de cada unha delas.

3. A Administración responsable da extinción asumirá a defensa xurídica do director técnico e do persoal baixo o seu mando nos procedementos seguidos ante as ordes xurisdiccionais civil e penal por posibles responsabilidades derivadas das ordes impartidas e as accións executadas en relación coa extinción do incendio.

#### Artigo 48. *Zonas de alto risco de incendio.*

1. Aquelas áreas en que a frecuencia ou virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados fagan necesarias medidas especiais de protección contra os incendios, poderán ser declaradas zonas de alto risco de incendio ou de protección preferente.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas a declaración de zonas de alto risco e a aprobación dos seus plans de defensa.

3. Para cada unha destas zonas formularase un plan de defensa que, como mínimo, deberá ter en conta:

a) Os problemas socioeconómicos que poidan existir na zona e que se manifesten a través da provocación reiterada de incendios ou do uso negligente do lume, así como a determinación das épocas do ano de maior risco de incendios forestais.

b) Os traballos de carácter preventivo que resulte necesario realizar, incluíndo os tratamentos silvícolas que procedan, áreas de devasas, vías de acceso e puntos de auga que deban realiza-los propietarios dos montes da zona, así como os prazos de execución. Así mesmo, o plan de defensa conterá as modalidades de execución dos traballos, en función do estado legal dos terreos, mediante convenios, acordos, cesión temporal dos terreos á Administración, axudas ou subvencións ou, se é o caso, execución subsidiaria pola Administración.

c) O establecemento e dispoñibilidade dos medios de vixilancia e extinción necesarios para dar cobertura a toda a superficie forestal da zona, coas previsións para o seu financiamento.

d) A regulación dos usos que poidan dar lugar a risco de incendios forestais.

4. A normativa das comunidades autónomas determinará as modalidades para a redacción dos plans de defensa e poderá declarar de interese xeral os traballos incluídos naqueles, así como determinar, en cada caso, o carácter oneroso ou gratuíto da execución subsidiaria pola Administración.

5. Cando unha zona de alto risco estea englobada nun territorio que dispoña de PORF, este poderá ter a consideración de plan de defensa sempre e cando cumpra as condicións descritas no punto 3.

6. As infraestruturas, existentes ou de nova creación, incluídas nas zonas de alto risco de incendio terán unha servidume de uso para a súa utilización polos servizos de prevención e extinción de incendios.

#### Artigo 49. *Cobertura de danos por incendios forestais.*

1. A Administración xeral do Estado, a través do Consorcio de Compensación de Seguros, garantirá a cobertura de indemnizacións por accidente exclusivamente para as persoas que colaboren na extinción de incendios.

2. Promoverase o desenvolvemento e posta en marcha do seguro de incendios forestais no marco do previsto na Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados. Os propietarios que subscriban o seguro terán prioridade para se acoller ás subvencións previstas no artigo 64 desta lei.

#### Artigo 50. *Restauración dos terreos forestais incendiados.*

1. As comunidades autónomas deberán garanti-las condicións para a restauración da vexetación dos terreos

forestais incendiados, quedando prohibido o cambio do uso forestal por razón do incendio. Igualmente, determinarán os prazos e procedementos para facer efectiva esta prohibición.

2. O órgano competente da comunidade autónoma fixará as medidas encamiñadas á retirada da madeira queimada e á restauración da cuberta vexetal afectada polos incendios que, en todo caso, incluírán o acoutamento temporal daqueles aproveitamentos ou actividades incompatibles coa súa rexeneración e, en particular, o pastoreo, por un prazo que deberá ser superior a un ano, salvo levantamento do acoutado por autorización expresa do devandito órgano.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do previsto no capítulo II do título XVII da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, mediante a que se aproba o Código penal.

#### CAPÍTULO IV

##### Sanidade e xenética forestal

Artigo 51. *Marco xurídico da sanidade forestal.*

Na prevención e loita contra as pragas forestais, no Rexistro de Productos Fitosanitarios que hai que utilizar nos montes e na introducción e circulación de plantas e produtos forestais de importación, así como en calquera outro aspecto da sanidade forestal cumprírase o establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 52. *Protección dos montes contra axentes nocivos.*

1. Sen prexuízo do establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, a protección dos montes contra os axentes nocivos debe ser de carácter preventivo, mediante técnicas silvícolas adecuadas, utilización de axentes biolóxicos que impidan ou freen o incremento das poboacións de axentes nocivos e a aplicación de métodos de loita integrada.

2. As comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias de vixilancia, localización e extinción de focos incipientes de pragas, debendo informar ó respecto o órgano competente da Administración xeral do Estado por se se puidese ver afectada a sanidade xeral dos montes españois.

Artigo 53. *Obrigas dos titulares dos montes.*

En cumprimento do disposto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, os titulares dos montes están obrigados a lles comunica-la aparición atípica de axentes nocivos ós órganos competentes das comunidades autónomas e a executar ou facilita-la realización das accións obrigatorias que estes determinen.

Artigo 54. *Recursos xenéticos forestais.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará e desenvolverá programas de ámbito nacional que promovan a mellora xenética e a conservación dos recursos xenéticos forestais.

2. O Goberno, consultadas as comunidades autónomas, establecerá as normas básicas sobre produción, utilización e comercialización dos materiais forestais de reprodución por proposta conxunta dos ministerios de Medio Ambiente e de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e coas comunidades autónomas, determinará as rexións de procedencia dos materiais forestais de reprodución e, en particular, manterá o Rexistro e o Catálogo Nacional de Materiais de Base.

#### TÍTULO V

##### Investigación, formación, extensión e divulgación

#### CAPÍTULO I

##### Investigación forestal

Artigo 55. *Investigación forestal.*

1. A Administración xeral do Estado, a través dos plans nacionais de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, que establece a Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, identificará e incorporará nos seus programas de actuación as demandas de investigación forestal das administracións públicas e dos sectores productivos, así como os instrumentos necesarios para acadalos obxectivos propostos.

2. As administracións públicas fomentarán a investigación forestal e, en particular, promoverán:

a) A coordinación xeral da investigación forestal, establecendo os mecanismos necesarios para o mellor uso da totalidade dos recursos e medios dispoñibles, o intercambio de información, a constitución de redes temáticas permanentes de carácter nacional e internacional e a creación e mantemento de bases de datos harmonizadas.

b) A cooperación en materia forestal entre institutos, centros de investigación, centros tecnolóxicos e universidades, tanto públicos como privados, en particular a través do enlace en forma de redes dos distintos centros.

3. A información e resultados dos programas e proxectos de investigación executados con financiamento público que se requiran para elaborala Estatística forestal española, referida no artigo 28, integraranse nesta. Con tal fin, as institucións investigadoras responsables proporcionaranlles esta información ó Ministerio de Medio Ambiente e ás comunidades autónomas.

Artigo 56. *Redes temáticas, parcelas de seguimento e áreas de reserva.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas cooperarán no establecemento, mantemento, financiamento e control das redes temáticas e parcelas de seguimento derivadas da normativa internacional, os seus respectivos plans forestais ou os plans nacionais de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

2. Nos montes de titularidade estatal ou autonómica poderanse establecer áreas de reserva non intervidas para o estudo da evolución natural dos montes. Este mesmo tipo de áreas poderase establecer en montes doutra titularidade, logo de acordo co seu propietario.

#### CAPÍTULO II

##### Formación e educación forestal

Artigo 57. *Formación e divulgación forestal.*

1. Co fin de contribuír ó desenvolvemento e promoción dos aspectos sociolaborais do sector forestal e ó fomento do emprego con especial atención ás poboacións rurais, a Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas e os axentes sociais representativos, promoverá a elaboración de plans de formación e emprego do sector forestal, incluíndo medidas relativas á prevención de riscos laborais.

2. Así mesmo, a Administración xeral do Estado cooperará coas comunidades autónomas e os axentes

sociais representativos no establecemento de programas de divulgación que traten de dar a coñece-la transcendencia que ten para a sociedade a existencia dos montes e a súa xestión sustentable, e a importancia dos seus produtos como recursos naturais renovables.

3. Igualmente, as administracións públicas fomentarán o coñecemento dos principios básicos da silvicultura entre os propietarios privados dos montes e os traballadores forestais. Nos labores de formación fomentaráse a participación das asociacións profesionais do sector.

#### Artigo 58. *Extensión e gardería forestal.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán desempeñar, entre outras, as seguintes funcións de extensión e gardería forestal:

a) De policía forestal e de conservación da natureza, en particular, as de prevención, detección e investigación de incendios forestais e axentes nocivos.

b) De asesoramento facultativo en tarefas de extensión e xestión forestal e de conservación da natureza.

Os profesionais que realicen estas funcións contarán coa formación específica que os capacite para o seu correcto desenvolvemento.

2. Para fomentar os labores citados no punto 1.b) deste artigo, a Administración forestal poderá establecer acordos cos axentes sociais representativos.

3. As actas de inspección e denuncia realizadas polos axentes forestais no exercicio das súas funcións, como documentos públicos, terán valor probatorio respecto dos feitos reflectidos nelas.

#### Artigo 59. *Educación forestal.*

As administracións públicas promoverán programas de educación, divulgación e sensibilización relativos ós obxectivos desta lei, que estarán dirixidos ós integrantes do sistema educativo.

## TÍTULO VI

### Fomento forestal

#### CAPÍTULO I

##### Defensa dos intereses forestais

#### Artigo 60. *Fundacións e asociacións de carácter forestal.*

As administracións públicas promoverán activamente as fundacións, asociacións e cooperativas de iniciativa social, existentes ou de nova creación, que teñan por obxecto as materias que se tratan nesta lei e, en particular, a xestión sustentable e multifuncional dos montes, e que poidan colaborar coa Administración no exercicio das súas competencias.

#### CAPÍTULO II

##### Empresas forestais

#### Artigo 61. *Cooperativas, empresas e industrias forestais.*

1. As comunidades autónomas levarán un rexistro de cooperativas, empresas e industrias forestais, tanto das empresas que realizan traballos forestais nos montes como das industrias forestais, incluíndo nestas as de serra, chapa, taboleiros, pasta, papel e cortiza. As comunidades autónomas deberán manter informada a Administración xeral do Estado sobre o devandito rexistro.

2. As cooperativas, empresas e industrias forestais facilitaránlles anualmente ás comunidades autónomas, para efectos estatísticos, os datos relativos á súa actividade, en particular, a produción, transformación e comercialización dos seus produtos forestais. Esta información integrarase na Estatística forestal española, a través de mecanismos de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e os demais órganos das administracións competentes.

#### Artigo 62. *Organización interprofesional de produtos forestais.*

O estatuto xurídico das organizacións interprofesionais dos produtos forestais será o establecido na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, e a normativa autonómica sobre a materia.

## CAPÍTULO III

### Incentivos económicos en montes ordenados

#### Artigo 63. *Disposicións xerais.*

1. Os incentivos recollidos nos artigos 64 a 66 seguintes aplicaranse a montes ordenados de propietarios privados e de entidades locais. Os montes protectores e os catalogados e, en particular, aqueles en espazos naturais protexidos ou na Rede Natura 2000 terán preferencia no outorgamento destes incentivos.

2. Os montes non ordenados incluídos nun PORF poderán acceder ós incentivos cando así se habilite no devandito plan.

3. No acceso ás subvencións para a prevención contra incendios forestais terán prioridade os montes que se encontren situados nunha zona de alto risco de incendio cun plan de defensa contra incendios vixente, de acordo co artigo 48.

#### Artigo 64. *Subvencións.*

Podrán ser obxecto de subvención, nos termos fixados nas respectivas convocatorias, as actividades vinculadas á xestión forestal sustentable.

#### Artigo 65. *Incentivos polas externalidades ambientais.*

1. As administracións públicas regularán os mecanismos e as condicións para incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados.

2. Para estes incentivos teranse en conta, entre outros, os seguintes factores:

a) A conservación, restauración e mellora da biodiversidade e da paisaxe en función das medidas especificamente adoptadas para tal fin.

b) A fixación de dióxido de carbono nos montes como medida de contribución á mitigación do cambio climático, en función da cantidade de carbono fixada na biomasa forestal do monte, así como da valorización enerxética dos residuos forestais.

c) A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico nos montes como medida de loita contra a desertificación, en función do grao en que a cuberta vexetal e as prácticas silvícolas contribúan a reduci-la perda ou degradación do solo e dos recursos hídricos superficiais e subterráneos.

3. As administracións públicas poderán achegar estes incentivos polas seguintes vías:

- a) Subvención ó propietario dos traballos dirixidos á xestión forestal sustentable.
- b) Establecemento dunha relación contractual co propietario.
- c) Investimento directo pola Administración.

Artigo 66. *Créditos.*

De acordo coa normativa da Unión Europea, as administracións públicas fomentarán a creación de liñas de crédito bonificadas para financia-los investimentos forestais. Estes créditos poderán ser compatibles coas subvencións e incentivos.

## TÍTULO VII

### Réxime sancionador

#### CAPÍTULO I

##### Infraccións

Artigo 67. *Tipificación das infraccións.*

Para os efectos desta lei, e sen prexuízo do que dispoña ó respecto a lexislación autonómica, considéranse infraccións administrativas as seguintes:

- a) O cambio de uso forestal sen autorización.
- b) A utilización de montes de dominio público sen a correspondente concesión ou autorización para aqueles usos que a requiran.
- c) A queima, arrinca ou inutilización de exemplares arbóreos de especies forestais, salvo casos excepcionais autorizados ou de intervención administrativa, xustificadas por razóns de xestión do monte.
- d) O emprego de lume nos montes e áreas estremeiras nas condicións, épocas, lugares ou para actividades non autorizadas.
- e) O incumprimento das disposicións que regulen o uso do lume dictadas en materia de prevención e extinción de incendios forestais.
- f) A modificación substancial da cuberta vexetal do monte sen a correspondente autorización.
- g) A forestación ou reforestación con materiais de reprodución expresamente prohibidos.
- h) A realización de aproveitamentos forestais sen autorización administrativa ou, se é o caso, notificación do titular e, en xeral, a realización de calquera actividade non autorizada ou notificada, cando tales requisitos sexan obrigatorios.
- i) A realización de vías de saca, pistas, camiños ou calquera outra obra cando non estea prevista nos correspondentes proxectos de ordenación ou plans dasocráticos de montes ou, se é o caso, PORF, ou sen estar expresamente autorizada polo órgano forestal da comunidade autónoma.
- j) O pastoreo nos montes onde se encontre prohibido ou se realice en violación das normas establecidas para o efecto polo órgano forestal da comunidade autónoma.
- k) O tránsito ou a permanencia en camiños ou zonas forestais onde exista prohibición expresa en tal sentido.
- l) Calquera incumprimento grave que afecte o normal desenvolvemento do monte, do contido dos proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos de montes ou plans de aproveitamentos, así como as súas correspondentes autorizacións, sen causa técnica xustificada e notificada ó órgano forestal da comunidade autónoma para a súa aprobación.
- m) O incumprimento das disposicións encamiñadas á restauración e reparación dos danos ocasionados ós montes e, en particular, os ocasionados por accións tipi-

ficadas como infracción, así como das medidas cautelares dictadas para o efecto.

- n) A vertedura non autorizada de residuos en terreos forestais.
- ñ) A alteración dos sinais e marcos que delimitan os montes públicos deslindados.
- o) A obstrucción por acción ou omisión das actuacións de investigación, inspección e control das administracións públicas e dos seus axentes, en relación coas disposicións desta lei e das súas normas de desenvolvemento.
- p) O incumprimento das obrigas de información á Administración por parte dos particulares.
- q) O incumprimento, total ou parcial, doutras obrigas ou prohibicións establecidas nesta lei.

Artigo 68. *Clasificación das infraccións.*

1. Son infraccións moi graves:

- a) As infraccións tipificadas nas alíneas a) a n) do artigo anterior, cando os feitos constitutivos da infracción lle causasen ó monte danos o prazo de reparación ou restauración dos cales sexa superior a 10 anos.
- b) A infracción tipificada na alínea ñ) do artigo anterior, cando a alteración de sinais e marcos impida a determinación sobre o terreo dos lindes legalmente establecidos.

2. Son infraccións graves:

- a) As infraccións tipificadas nas alíneas a) a n) do artigo anterior, cando os feitos constitutivos da infracción lle causasen ó monte danos o prazo de reparación ou restauración dos cales sexa inferior a 10 anos e superior a seis meses.
- b) A infracción tipificada na alínea ñ) do artigo anterior, cando a alteración de sinais e marcos non impida a identificación dos límites reais do monte público deslindado.
- c) A infracción tipificada na alínea o) do artigo anterior.

3. Son infraccións leves:

- a) As infraccións tipificadas nas alíneas a) a n) do artigo anterior, cando os feitos constitutivos da infracción non lle causasen danos ó monte ou cando, habendo dano, o prazo para a súa reparación ou restauración non exceda de seis meses.
- b) As infraccións tipificadas nas alíneas p) e q) do artigo anterior.

Artigo 69. *Medidas cautelares.*

A Administración competente, ou os seus axentes da autoridade, poderán adopta-las medidas de carácter provisional que estimen necesarias, incluíndo o comiso, para evita-la continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora.

O inicio do procedemento e de acordo coa lexislación aplicable en cada caso, a Administración competente deberá ratificar tales medidas. Así mesmo, poderá impor novas medidas cautelares para asegura-la eficacia da resolución final que puidese recaer.

Artigo 70. *Responsables das infraccións.*

- 1. Serán responsables das infraccións previstas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas que incorran naquelas e, en particular, a persoa que directamente realice a actividade infractora ou a que ordene a devandita actividade cando o executor teña con aquela unha relación contractual ou de feito, sempre que se demostre a súa dependencia do ordenante.

2. Cando non sexa posible determina-lo grao de participación das distintas persoas que interviñesen na realización dunha infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito a repetir fronte ós demais participantes, por parte daquel ou aqueles que lles fixen fronte ás responsabilidades.

#### Artigo 71. *Prescripción das infraccións.*

1. O prazo de prescripción das infraccións será de cinco anos para as moi graves, tres anos para as graves e un ano para as leves.

2. O prazo de prescripción comezará a contar a partir da data en que a infracción se cometese.

3. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante un mes por causa non imputable ó presunto responsable.

#### Artigo 72. *Responsabilidade penal.*

1. Cando a infracción puidese ser constitutiva de delicto ou falta, a Administración instructora porao en coñecemento do órgano xurisdiccional competente, suspendéndose a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dictase sentenza firme ou resolución que poña fin ó proceso.

2. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa nos casos en que se aprecie a identidade do suxeito, do feito e do fundamento. De non se ter estimada a existencia de delicto ou falta, o órgano competente continuará, se é o caso, o expediente sancionador tendo en conta os feitos declarados probados na resolución firme do órgano xudicial competente.

## CAPÍTULO II

### Sancións

#### Artigo 73. *Potestade sancionadora.*

1. A sanción das infraccións corresponderalle, agás o disposto no punto 2, ó órgano da comunidade autónoma que teña atribuída a competencia en cada caso.

2. Compételle á Administración xeral do Estado a imposición de sancións naqueles supostos en que a infracción administrativa recaese en ámbito e sobre materias da súa competencia.

#### Artigo 74. *Clasificación.*

As infraccións tipificadas neste título serán sancionadas coas seguintes multas:

- As infraccións leves, con multa de 100 a 1.000 euros.
- As infraccións graves, con multa de 1.001 a 100.000 euros.
- As infraccións moi graves, con multa de 100.001 a 1.000.000 de euros.

#### Artigo 75. *Proporcionalidade.*

Dentro dos límites establecidos no artigo anterior, as sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsable:

- Intensidade do dano causado.
- Grao de culpa.
- Reincidencia.
- Beneficio económico obtido polo infractor.

#### Artigo 76. *Reducción da sanción.*

Poderase reduci-la sanción ou a súa contía, sempre e cando o infractor procedese a corrixi-la situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento.

#### Artigo 77. *Reparación do dano e indemnización.*

1. Sen prexuízo das sancións penais ou administrativas que en cada caso procedan, o infractor deberá reparar-lo dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador. Esta obriga é imprescritible en caso de danos ó dominio público forestal.

2. A reparación terá como obxectivo a restauración do monte ou ecosistema forestal danado á situación previa ós feitos constitutivos da infracción sancionada. Cando a reparación non sexa posible, a Administración poderá requiri-la indemnización correspondente.

3. Poderase requirir así mesmo indemnización nos casos en que o beneficio económico do infractor sexa superior á máxima sanción prevista. Esta indemnización será como máximo do dobre da contía do devandito beneficio.

4. Os danos ocasionados ó monte e o prazo para a súa reparación ou restauración determinaranse segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora.

#### Artigo 78. *Multas coercitivas e execución subsidiaria.*

1. Se os infractores non procedesen á reparación ou indemnización, de acordo co establecido no artigo 77, e unha vez transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, a Administración instructora poderá acorda-la imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria.

2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprilo ordenado, e a contía de cada unha das devanditas multas non superará o 20 por cento da multa fixada pola infracción cometida.

3. A execución pola Administración da reparación ordenada será por conta do infractor.

#### Artigo 79. *Comiso.*

A Administración competente poderá acorda-lo comiso tanto dos produtos forestais ilegalmente obtidos coma dos instrumentos e medios utilizados na comisión da infracción.

#### Artigo 80. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións impostas pola comisión de faltas moi graves prescribirán ós tres anos, mentres que as impostas por faltas graves ou leves o farán ós dous anos e ó ano, respectivamente.

2. O prazo de prescripción das sancións comezará a se contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3. Interromperá a prescripción, a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

#### Disposición adicional primeira. *Consortios e convenios de repoboación.*

1. Os consortios e convenios de repoboación amparados pola lexislación que se derroga na disposición derogatoria única desta lei continuarán vixentes ata a data da súa finalización.



2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as comunidades autónomas poderán substituí-los consorcios e convenios de repoboación subscritos entre a Administración forestal e os propietarios de montes por outras figuras contractuais en que non sería esixible unha compensación económica a favor da Administración ou condónala a súa débeda, sempre que se conte co acordo dos propietarios e que concorra algunha das seguintes condicións:

a) Que os beneficios indirectos e o interese social que xere o mantemento da cuberta vexetal superen os das rendas directas do monte.

b) Que o propietario do solo se comprometa a conservar adecuadamente a masa forestal creada por aqueles consorcios ou convenios mediante a aplicación dun instrumento de xestión.

c) Aqueloutras que fixe a comunidade autónoma.

Disposición adicional segunda. *Réximes especiais.*

1. Os montes do Estado que pertencen ó dominio público por afectación ó Patrimonio Nacional réxense pola súa lexislación específica, séndolles de aplicación o disposto nesta lei cando iso non sexa contrario ós fins a que foron afectados.

2. No territorio forestal do dominio público forestal de titularidade estatal adscrito ó Ministerio de Defensa, así como nas zonas de interese para a defensa e naqueles territorios en que o Ministerio de Defensa desenvolva actividades en virtude de calquera título xurídico, a aplicación do disposto nesta lei estará subordinada ós fins da defensa nacional.

En particular, nestes territorios a defensa contra incendios forestais será responsabilidade do Ministerio de Defensa, co asesoramento técnico do Ministerio de Medio Ambiente.

3. O territorio forestal de titularidade estatal incluído nos parques nacionais adminístrase no réxime de coxestión establecido na Lei 41/1997, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

Disposición adicional terceira. *Participación forestal na declaración de espazos naturais protexidos.*

No procedemento de declaración de montes como espazos naturais protexidos será preceptiva a participación do órgano forestal da comunidade autónoma cando este sexa distinto do órgano declarante.

Disposición adicional cuarta. *Uso enerxético da biomasa forestal residual.*

O Goberno elaborará, en colaboración coas comunidades autónomas, unha estratexia para o desenvolvemento do uso enerxético da biomasa forestal residual, de acordo cos obxectivos indicados no Plan de Fomento das Enerxías Renovables en España.

Disposición adicional quinta. *Sociedades de propietarios forestais.*

O Goberno remitiralles ás Cortes Xerais no prazo de dous anos desde a aprobación desta lei unha proposta de modificación da lexislación de sociedades que incorpore unha nova figura que se adecue ás especificidades forestais.

Disposición adicional sexta. *Administracións públicas competentes.*

A referencia que se fai no texto desta lei ás comunidades autónomas entenderase que inclúe tamén as cidades de Ceuta e Melilla e, se é o caso, os órganos forais dos territorios históricos do País Vasco e os cabidos e consellos insulares e outras entidades locais con competencias en materia forestal, recoñecidas na normativa autonómica.

Disposición adicional sétima. *Cambio climático.*

As administracións públicas elaborarán, no ámbito do Convenio Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático, un estudio sobre as necesidades de adaptación do territorio forestal español ó cambio climático, incluíndo unha análise dos métodos de ordenación e tratamentos silvícolas máis adecuados para a devandita adaptación.

Disposición adicional oitava. *Ocupacións en montes de dominio público forestal por razóns da defensa nacional.*

1. Poderase establecer dereito de paso e autorizarse ocupacións temporais en montes do dominio público forestal, motivadas por interese da defensa nacional, conforme o procedemento e prazos que regulamentariamente se determinen.

2. En caso de discrepancia entre as administracións públicas implicadas, a resolución do expediente de establecemento do dereito de paso ou ocupación a que se refire o punto anterior resolverase conforme o procedemento previsto no punto 4 do artigo 18 desta lei.

3. Naquelas actividades realizadas por razóns da defensa nacional que comporten risco directo de incendios, o Ministerio de Defensa dotará os territorios afectados de infraestruturas preventivas e equipos de extinción de acordo cos plans técnicos aprobados polo Ministerio de Medio Ambiente.

Disposición adicional novena. *Mecenado.*

Para efectos do previsto no punto 1 do artigo 3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, consideraranse incluídos entre os fins de interese xeral os orientados á xestión forestal sustentable.

Disposición adicional décima. *Xestión de montes pro indiviso.*

1. Para a xestión dos montes dos que a titularidade corresponda pro indiviso a máis de dez propietarios coñecidos, poderase constituír unha xunta xestora que administrará os intereses de tódolos copropietarios.

2. Para a constitución da xunta xestora a que se refire o punto anterior, o órgano forestal da comunidade autónoma convocará tódolos copropietarios, garantindo a máxima difusión e publicidade da citada convocatoria, e será suficiente o acordo da totalidade dos asistentes a ela para que a devandita constitución se considere válida.

3. A xunta xestora que se constituía poderá autorizar os actos de administración ordinaria e extraordinaria, xestión e desfrute do monte e de tódolos seus produtos, e o alleamento de toda clase de aproveitamentos forestais, enerxéticos e mineiros, así como calquera outro acto para o que estean habilitados os propietarios de acordo con esta lei. Así mesmo, poderá realizar contratos coa Administración, salvagardando sempre os dereitos de tódolos copropietarios.

4. Os beneficios que se xeren correspondentes ás partes da propiedade non esclarecidas deberanse investir na mellora do monte. En caso de non se poder identifica-la propiedade non esclarecida, deberase investir na devandita mellora polo menos o 15 por cento do beneficio total obtido polos copropietarios.

Disposición transitoria primeira. *Servidumes en montes demaniais.*

As administracións xestoras dos montes que pasen a integra-lo dominio público forestal revisarán, no prazo do 10 anos desde a entrada en vigor desta lei, as servidumes e outros gravames que afecten estes montes, para garanti-la súa compatibilidade co seu carácter demanial e cos principios que inspiran esta lei.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para a ordenación de montes.*

Os montes que teñan a obriga, conforme o disposto no artigo 33, de dispor de instrumento de xestión forestal, terán un período do 15 anos desde a entrada en vigor desta lei para se dotaren daquel.

Disposición transitoria terceira. *Incentivos económicos en montes non ordenados.*

Durante un prazo do 10 anos desde a entrada en vigor desta lei, os propietarios de montes non ordenados poderanse acoller ós incentivos a que se refire o artigo 63, podendo ser obxecto de subvención ou crédito a elaboración do correspondente instrumento de xestión forestal. Pasado o devandito período denegaráselle de oficio calquera incentivo mentres non se doten de instrumento de xestión ou, se é o caso, e tal como se prevé no artigo 63.2, se inclúan nun PORF.

Se durante este prazo se produce un cambio de propiedade, o prazo do 10 anos para o novo propietario empezará a contar desde o momento da transmisión.

Disposición transitoria cuarta. *Montes declarados de utilidade pública con anterioridade a esta lei.*

Para os efectos do previsto no artigo 16, considéranse incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública tódolos montes declarados de utilidade pública con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Montes declarados protectores con anterioridade a esta lei.*

Para os efectos do previsto no artigo 24, considéranse incluídos no Rexistro de Montes Protectores tódolos montes declarados como tales con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes leis:

- a) Lei do 10 de marzo de 1941, sobre o patrimonio forestal do Estado.
- b) Lei do 8 de xuño de 1957, de montes.
- c) Lei 81/1968, do 5 de decembro, sobre incendios forestais.
- d) Lei 22/1982, do 16 de xuño, sobre repoboacións gratuítas con cargo ó orzamento do ICONA en terreos incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.
- e) Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da produción forestal.

2. As normas regulamentarias dictadas en desenvolvemento dos textos derogados a que se refire o punto anterior continuarán vixentes, mentres non se opoñan ó previsto nesta lei, ata a entrada en vigor das normas que se poidan dictar no seu desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.*

A Lei 4/1989, do 27 de marzo, queda modificada nos termos sinalados a continuación:

Un. Incorpórase no título III da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, o capítulo II bis coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO II bis

##### Da Rede Ecolóxica Europea Natura 2000

Artigo 20 bis. *Rede Ecolóxica Europea Natura 2000.*

*Forman parte da Rede Ecolóxica Europea Natura 2000 as zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves.*

Artigo 20 ter. *Zonas especiais de conservación.*

As zonas especiais de conservación son os espazos delimitados para garanti-lo mantemento ou, se é o caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais de interese comunitario e dos hábitats das especies de interese comunitario, establecidos de acordo coa normativa comunitaria.

Artigo 20 quáter. *Zonas de especial protección para as aves.*

1. As zonas de especial protección para as aves son os espazos delimitados para o establecemento de medidas de conservación especiais co fin de asegura-la supervivencia e a reprodución das especies de aves, en particular, das incluídas no anexo II desta lei e das migratorias non incluídas no citado anexo pero a chegada das cales sexa regular.

2. Serán declaradas zonas de especial protección para as aves os espazos máis adecuados en número e en superficie para a conservación das especies sinaladas no punto anterior. No caso das especies migratorias teranse en conta as necesidades de protección das súas áreas de reprodución, de muda, de invernada e as súas zonas de descanso, atribuíndo particular importancia ás zonas húmidas e moi especialmente ás de importancia internacional.

3. As comunidades autónomas daranlle conta ó Ministerio de Medio Ambiente das zonas de especial protección para as aves declaradas no seu ámbito respectivo, para efectos da súa comunicación á Comisión Europea, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Nas zonas de especial protección para as aves deberanse establecer medidas de conservación adecuadas para evita-la deterioración dos seus hábitats, así como as perturbacións que poidan afectar significativamente as aves. Esta obriga non exime en ningún caso os órganos competentes do deber de adoptaren as medidas necesarias para evitaren a deterioración ou a contaminación dos hábitats exteriores ás zonas de especial protección para as aves.

5. As medidas a que se refire o punto anterior poderanse establecer, se é o caso, mediante plans de xestión específicos ou ben integradas noutros plans de desenvolvemento ou instrumentos de planificación, de acordo coas esixencias e obxectivos sinalados no devandito parágrafo.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 21 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, que terá a seguinte redacción:

«1. A declaración e xestión dos parques, reservas naturais, monumentos naturais, paisaxes protexidas e zonas da Rede Ecolóxica Europea Natura 2000 corresponderalles ás comunidades autónomas no ámbito territorial das cales se encontren situados, sen prexuízo do disposto no capítulo seguinte e das competencias estatais, en especial, no que respecta ó mar territorial.»

Tres. Modifícase o punto 4 do artigo 26 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, que terá a seguinte redacción:

«4. Queda prohibido alterar e destruí-la vexetación, así como dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente os animais silvestres, sexa cal for o método empregado; esta prohibición inclúe a retención e a captura en vivo dos animais silvestres, e a destrución ou dano, recolección e retención dos seus niños, das súas crías ou dos seus ovos, estes últimos mesmo estando baleiros. En relación con eles, quedan igualmente prohibidos a posesión, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos ou dos seus restos, incluíndo o comercio exterior.

Estas prohibicións serán de especial aplicación ós animais silvestres comprendidos nalgunha das categorías enunciadas no artigo 29.»

Catro. O anexo da Lei 4/1989, do 27 de marzo, pasa a se-lo seu anexo I.

Cinco. Inclúese un novo anexo II na Lei 4/1989, do 27 de marzo, co seguinte contido:

#### «ANEXO II

1. *Gavia stellata*, Mobella pequena.
2. *Gavia arctica*, Mobella ártica.
3. *Gavia immer*, Mobella.
4. *Podiceps auritus*, Somorgullo real.
5. *Pterodroma madeira*, Pardela de Madeira.
6. *Pterodroma feae*, Pardela atlántica.
7. *Bulweria bulwerii*, Pardela de Bulwer.
8. *Calonectris diomedea*, Pardela cincenta.
9. *Puffinus puffinus mauretanicus*, Pardela fura-buchos.
10. *Puffinus assimilis*, Pardela pequena.
11. *Pelagodroma marina*, Calcamar.
12. *Hydrobates pelagicus*, Paíño do mal tempo.
13. *Oceanodroma leucorhoa*, Paíño gallado.
14. *Oceanodroma castro*, Paíño chuchagraxas.
15. *Phalacrocorax aristotelis desmarestii*, Corvo mariño cristado.
16. *Phalacrocorax pygmeus*, Corvo mariño pigmeo.
17. *Pelecanus onocrotalus*, Pelicano branco.
18. *Pelecanus crispus*, Pelicano cresp.
19. *Botaurus stellaris*, Abetouro común.
20. *Ixobrychus minutus*, Garza pequena.
21. *Nycticorax nycticorax*, Garza denoiteira.
22. *Ardeola ralloides*, Garza amarela.
23. *Egretta garzetta*, Garzota.
24. *Egretta alba*, Garza branca.
25. *Ardea purpurea*, Garza imperial.
26. *Ciconia nigra*, Cegoña negra.
27. *Ciconia ciconia*, Cegoña branca.

28. *Plegadis falcinellus*, Mazarico mouro.
29. *Platalea leucorodia*, Cullereiro.
30. *Phoenicopterus ruber*, Flamingo.
31. *Cygnus bewicquii* (*Cygnus columbianus bewicquii*), Cisne pequeno.
32. *Cygnus cygnus*, Cisne grande.
33. *Anser albifrons flavirostris*, Ánsar careto de Grenlandia.
34. *Anser erythropus*, Ganso pequeno.
35. *Branta leucopsis*, Ganso sangano.
36. *Branta ruficollis*, Ganso paporrubio.
37. *Tadorna ferruginea*, Pato canelo.
38. *Marmaronetta angustirostris*, Cerceta parda.
39. *Aythya yroca*, Parrulo ferruxento.
40. *Mergus albellus*, Mergo pequeno.
41. *Oxyura leucocephala*, Malvasía.
42. *Pernis apivorus*, Miñado abelleiro.
43. *Elanus caeruleus*, Peneireiro cincento.
44. *Milvus migrans*, Miñado queimado.
45. *Milvus milvus*, Miñado real.
46. *Haliaeetus albicilla*, Aguia mariña.
47. *Gypaetus barbatus*, Quebraosos.
48. *Neophron percnopterus*, Voitre branco.
49. *Gyps fulvus*, Voitre leonado.
50. *Aegypius monachus*, Voitre negro.
51. *Circaetus gallicus*, Aguia albela.
52. *Circus aeruginosus*, Rapina arpella.
53. *Circus cyaneus*, Gatafornela.
54. *Circus macrourus*, Tartaraña de papo branco.
55. *Circus pygargus*, Rapina cincenta.
56. *Accipiter xentilis arrigonii*, Azor de Córcega e Sardeña.
57. *Accipiter nisus granti*, Gabián (subesp. das illas Canarias e arquipélago de Madeira).
58. *Accipiter brevipes*, Gabián grego.
59. *Buteo rufinus*, Miñado mouro.
60. *Aquila pomarina*, Aguia pomerana.
61. *Aquila clanga*, Aguia manchada.
62. *Aquila heliaca*, Aguia imperial.
63. *Aquila adalberti*, Aguia imperial ibérica.
64. *Aquila chrysaetos*, Aguia real.
65. *Hieraaetus pennatus*, Aguia caudal.
66. *Hieraaetus fasciatus*, Aguia perdiceira.
67. *Pandion haliaetus*, Aguia peixeira.
68. *Falco naumanni*, Lagarteiro buxarelo.
69. *Falco columbarius*, Esmerillón.
70. *Falco eleonora*, Falcón da raíña.
71. *Falco biarmicus*, Alfaneque.
72. *Falco rusticolus*, Falcón albar.
73. *Falco peregrinus*, Falcón peregrino.
74. *Bonasa bonasia*, Grévol.
75. *Lagopus mutus pyrenaicus*, Perdiz das neves pirenaica.
76. *Lagopus mutus helveticus*, Perdiz das neves alpina.
77. *Tetrao tetrix tetrix*, Galo lira (continental).
78. *Tetrao urogallus*, Pita do monte.
79. *Alectoris graeca saxatilis*, Perdiz grega alpina.
80. *Alectoris graeca whitakeri*, Perdiz grega siciliana.
81. *Alectoris barbara*, Perdiz moura.
82. *Perdix perdix italica*, Perdiz charrela italiana.
83. *Perdix perdix hispaniensis*, Perdiz charrela (subespecie ibérica).
84. *Porzana porzana*, Galiñola pinta.
85. *Porzana parva*, Galiñola pequena.
86. *Porzana pusilla*, Galiñola común.
87. *Crex crex*, Guión de paspallás.
88. *Porphyrio porphyrio*, Camón.

89. *Fulica cristata*, Galiñola cristada.  
 90. *Turnix sylvatica*, Tourón.  
 91. *Grus grus*, Grou.  
 92. *Tetrax tetrax*, Sisón.  
 93. *Chlamydotis undulata*, Hubara.  
 94. *Otis tarda*, Avetarda.  
 95. *Himantopus himantopus*, Patuda.  
 96. *Recurvirostra avosetta*, Avoceta.  
 97. *Burhinus oedicephalus*, Pernileiro.  
 98. *Cursorius cursor*, Corredeira.  
 99. *Glareola pratincola*, Andoriña do mar.  
 100. *Charadrius morinellus* (*Eudromias morinellus*) Píllara rubia.  
 101. *Pluvialis apricaria*, Píllara dourada.  
 102. *Hoplopterus spinosus*, Avefría esporada.  
 103. *Philomachus pugnax*, Liorteiro.  
 104. *Gallinago media*, Becacina real.  
 105. *Limosa lapponica*, Mazarico rabipinto.  
 106. *Numenius tenuirostris*, Mazarico pequeno.  
 107. *Tringa glareola*, Bilurico pintado.  
 108. *Xenus cinereus*, Bilurico do Terek.  
 109. *Phalaropus lobatus*, Falaropo mouro.  
 110. *Larus melanocephalus*, Gaivota cabecinegra.  
 111. *Larus xenei*, Gaivota biquistreira.  
 112. *Larus audouinii*, Gaivota de Audouin.  
 113. *Gelochelidon nilotica*, Carrán mascateiro.  
 114. *Sterna caspia*, Carrán do Caspio.  
 115. *Sterna sandvicensis*, Carrán cristado.  
 116. *Sterna dougallii*, Carrán firrete.  
 117. *Sterna hirundo*, Carrán carrán.  
 118. *Sterna paradisaea*, Carrán ártico.  
 119. *Sterna albifrons*, Carrán pirrí.  
 120. *Chlidonias hybridus*, Carrán mallón.  
 121. *Chlidonias niger*, Carrán mouro.  
 122. *Uria aalge ibericus*, Arao dos cons (subespecie ibérica).  
 123. *Pterocles orientalis*, Ortega.  
 124. *Pterocles alchata*, Ganga.  
 125. *Columba palumbus azorica*, Pombo torcaz (subespecie das Azores).  
 126. *Columba trocaz*, Pomba torqueza.  
 127. *Columba bollii*, Pomba turqué.  
 128. *Columba junoniae*, Pomba rabiche.  
 129. *Bubo bubo*, Bufo real.  
 130. *Nyctea scandiaca*, Bufo das neves.  
 131. *Surnia ulula*, Curuxa gavi.  
 132. *Glaucidium passerinum*, Moucho pigmeo.  
 133. *Strix nebulosa*, Curuxa lapónica.  
 134. *Strix uralensis*, Curuxa uralense.  
 135. *Asio flammeus*, Curuxa das xunqueiras.  
 136. *Aegolius funereus*, Moucho de Tengmalm.  
 137. *Caprimulgus europaeus*, Avenoiteira cincuenta.  
 138. *Apus caffer*, Cirrio cafre.  
 139. *Alcedo atthis*, Martiño peixeiro.  
 140. *Carex garrulus*, Gaio azul.  
 141. *Picus canus*, Peto de cabeza cincuenta.  
 142. *Dryocopus martius*, Peto negro.  
 143. *Dendrocopos major canariensis*, Peto real de Tenerife.  
 144. *Dendrocopos major thanneri*, Peto real de Gran Canaria.  
 145. *Dendrocopos synacus*, Peto sirio.  
 146. *Dendrocopos medius*, Peto mediano.  
 147. *Dendrocopos leucotos*, Peto de dorso branco.  
 148. *Picoides tridactylus*, Peto tridáctilo.  
 149. *Chersophilus duponti*, Calandra de Dupont.  
 150. *Melanocorypha calandra*, Calandra real.  
 151. *Calandrella brachydactyla*, Calandriña.  
 152. *Galerida theklae*, Cotovía montesa.  
 153. *Lullula arborea*, Cotovía pequena.  
 154. *Anthus campestris*, Pica campestre.  
 155. *Troglodytes troglodytes fridariensis*, Carrizo (subespecie de Fair Isle).  
 156. *Luscinia svecica*, Papoazul.  
 157. *Saxicola dacotiae*, Chasco canario.  
 158. *Oenanthe leucura*, Pedreiro negro.  
 159. *Acrocephalus melanopogon*, Folosa real.  
 160. *Acrocephalus paludicola*, Folosa acuática.  
 161. *Hippolais olivetorum*, Folosa das oliveiras.  
 162. *Sylvia sarda*, Papuxa sarda.  
 163. *Sylvia undata*, Papuxa montesa.  
 164. *Sylvia rueppelli*, Papuxa de Rüppell.  
 165. *Sylvia nisoria*, Papuxa gabilana.  
 166. *Ficedula parva*, Papamoscas paporrubio.  
 167. *Ficedula semitorquata*, Papamoscas semicollarino.  
 168. *Ficedula albicollis*, Papamoscas de collar.  
 169. *Sitta krueperi*, Piquelo de Krüper.  
 170. *Sitta whiteheadi*, Piquelo corso.  
 171. *Lanius collurio*, Picanzo vermello.  
 172. *Lanius minor*, Picanzo pequeno.  
 173. *Pyrrhocorax pyrrhocorax*, Choia biquivermella.  
 174. *Fringilla coelebs ombriosa*, Pimpín de El Hierro.  
 175. *Fringilla teydea*, Pimpín do Teide.  
 176. *Loxia scotica*, Bicotorto escocés.  
 177. *Bucanetes githagineus*, Trompeteiro.  
 178. *Pyrrhula murina*, Cardeal de San Miguel.  
 179. *Emberiza cineracea*, Escribenta cinérea.  
 180. *Emberiza hortulana*, Escribenta hortelá.  
 181. *Emberiza caesia*, Escribenta cincenta.»

Seis. Queda derogado o punto 5 do artigo 28 da Lei 4/1989, do 27 de marzo.

Sete. Autorízase o Goberno para modificar por real decreto o anexo II da Lei 4/1989, do 27 de marzo, para adecualo á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

1. Esta lei dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución e ten, por tanto, carácter básico (lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e protección do ambiente), sen prexuízo do disposto nos dous puntos seguintes.

2. Teñen carácter básico ó abeiro doutros preceptos constitucionais os artigos 12, 14, 15, 16, 17, 18, punto 4, 20, 21, 36, punto 4, 47, punto 3, disposición adicional segunda, punto 1, e disposición transitoria primeira, por se dictaren ó abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución.

3. Os seguintes preceptos e disposicións dítanse ó abeiro de títulos competenciais exclusivos do Estado:

a) Os artigos 18, puntos 1, 2 e 3, 19, 22, 25 e a disposición adicional décima, que se dictan ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan.

b) O capítulo I do título V, por se dictar ó abeiro do artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución.

c) A disposición adicional novena, por se dictar ó abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei. As instrucións básicas para a ordenación e aproveitamento de montes referidas no artigo 32 elaboraranse coas comunidades autónomas e aprobaranse no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Potestades regulamentarias en Ceuta e Melilla.*

As cidades de Ceuta e Melilla exercerán as potestades normativas regulamentarias que teñen atribuídas polas leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, dentro do marco desta lei e das que o Estado promulgue para tal efecto.

Disposición derradeira quinta. *Actualización de multas.*

Facúltase o Goberno para actualizar mediante real decreto a contía das multas establecidas nesta lei de acordo cos índices de prezos para o consumo.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor da lei.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21340** LEI 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias. («BOE» 280, do 22-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

A primeira regulación das profesións sanitarias en España prodúcese mediado o século XIX, pois xa o Regulamento para as subdelegacións de Sanidade Interior do Reino, do 24 de xullo de 1848, determinaba que o exercicio das profesións de medicina, farmacia e veterinaria estaba comprendido dentro do ramo da sanidade.

Pola Lei do 28 de novembro de 1855, sobre o servizo xeral de sanidade, instituíronse os xurados médicos provinciais de cualificación, que tiñan por obxecto previr, amoestar e cualifica-las faltas que cometeran os profesionais no exercicio das súas facultades, así como regulariza-los seus honorarios, reprimi-los abusos e establecer unha severa moral médica.

Tanto a Lei de 1855 como a Instrucción xeral do 12 de xaneiro de 1904, preocupáronse de regulamentar, sequera embrionariamente, o exercicio profesional do que denominaron «a arte de curar» co establecemento dun rexistro de profesionais que puxeron a cargo dos subdelegados de Sanidade.

A entrada en vigor, xa a mediados do século XX, doutras leis sanitarias, supuxo o abandono do sistema de ordenación seguido ata entón. A Lei de bases da sanidade nacional, do 25 de novembro de 1944, dedicou unicamente a súa base 12 á organización profesional de médicos, practicantes e odontólogos, cunha única previsión, a da existencia de corporacións profesionais.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, unicamente se refire ó exercicio libre das profesións sanitarias, sen afronta-la súa regulación, aínda que prevé, como competencia do Estado, a homologación de programas de formación posgraduada, perfeccionamento e especialización de persoal sanitario, así como a homologación xeral dos postos de traballo dos servizos sanitarios. Iso é así porque a Lei xeral de sanidade é unha norma de natureza predominantemente organizativa, o obxectivo primordial da cal é establece-la estrutura e funcionamento do sistema sanitario público no novo modelo político e territorial do Estado que deriva da Constitución de 1978.

Debido a iso, o esencial do exercicio da medicina e do resto das profesións sanitarias, coa soa excepción da odontoloxía e outras profesións relacionadas coa saúde dental, ás cales se refire a Lei 10/1986, do 17 de marzo, queda deferido a outras disposicións, xa sexan as reguladoras do sistema educativo, xa as das relacións cos pacientes, xa as relativas ós dereitos e deberes dos profesionais en canto tales ou xa as que regulan as relacións de servizo dos profesionais cos centros ou as institucións e corporacións públicas e privadas.

Esta situación de práctico baleiro normativo, unida á íntima conexión que o exercicio das profesións sanitarias ten co dereito á protección da saúde, co dereito á vida e á integridade física, co dereito á intimidade persoal e familiar, co dereito á dignidade humana e co dereito ó libre desenvolvemento da personalidade, aconsella o tratamento lexislativo específico e diferenciado das profesións sanitarias.

Non pode esquecerse, por outra parte, a normativa das Comunidades Europeas, centrada nas directivas sobre recoñecemento recíproco, entre os Estados membros, de diplomas, certificados e outros títulos relativos ó exercicio das profesións sanitarias que, na medida en que subordinan o acceso ás actividades profesionais sanitarias á posesión dos títulos que nas directivas se precisan, introducen, indubidablemente, unha limitación ó exercicio profesional que ha de establecerse, no noso dereito interno, por norma con rango formal de lei, tal e como esixe o artigo 36 de nosa Constitución.

O contido da lei, nesta materia, debe de centrarse en regula-las condicións de exercicio e os respectivos ámbitos profesionais, así como as medidas que garantan a formación básica, práctica e clínica dos profesionais.

En virtude de todo iso, esta lei ten por finalidade dota-lo sistema sanitario dun marco legal que considere os diferentes instrumentos e recursos que fagan posible a maior integración dos profesionais no servizo sanitario, no preventivo e no asistencial, tanto na súa vertente pública como na privada, facilitando a corresponsabilidade no logro dos fins comúns e na mellora da calidade da atención sanitaria prestada á poboación, garantindo, así mesmo, que tódolos profesionais sanitarios cumpren cos niveis de competencia necesarios para tratar de seguir salvagardando o dereito á protección da saúde.

##### II

O concepto de profesión é un concepto elusivo que foi desenvolvido desde a socioloxía en función dunha serie de atributos como formación superior, autonomía e capacidade autoorganizativa, código deontolóxico e espírito de servizo, que se dan en maior ou menor medida nos diferentes grupos ocupacionais que se recoñecen como profesións. Malia as ditas ambigüidades e considerando que na nosa organización política só se recoñece como profesión existente aquela que está normada desde o Estado, os criterios que se van utilizar para determinar cales son as profesións sanitarias, débense basear na normativa preexistente. Esta normativa corresponde a dous ámbitos: o educativo e o que regula as corpo-